Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade inmediata do estaleiro Barreras de Vigo, a supervivencia da súa industria auxiliar e a continuidade da súa actividade de construción naval

#### **1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia**

##### **Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación**

- 11054 (11/POPX-000019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da autoestrada AP-9 no referido ás peaxes e a súa transferencia a Galicia

- 11055 (11/POPX-000020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da defensa que está a facer dos intereses da cidadanía de Galicia na pandemia da covid-19

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

#### **1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos**

##### **1.5.4. De ámbito europeo**

###### **1.5.4.1. Unión Europea**

**Resolución da Presidencia, do 16 de febreiro de 2021, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que modifica o Regulamento (CE) nº 138/2004 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se refire ás contas económicas rexionais da agricultura (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2021) 54 final] [COM(2021) 54 final anexos] [2021/0031 (COD)]**

-11/UECS-000064 (11058) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que modifica o Regulamento (CE) nº 138/2004 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se refire ás contas económicas rexionais da agri-



cultura (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2021) 54 final] [COM(2021) 54 final anexos] [2021/0031 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 11058, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que modifica o Regulamento (CE) nº 138/2004 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se refire ás contas económicas rexionais da agricultura (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2021) 54 final] [COM(2021) 54 final anexos] [2021/0031 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



## Á Mesa da Comisión 7ª; Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **Propostas de Resolución, a 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia.** (117PEP-000001(8904)).

### PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN PFG 2021-2040

Este grupo sinala a importancia deste documento para un sector estratégico en Galicia, subliña o esforzo realizado polo goberno da Xunta de Galicia, pero en particular pola sociedade civil, este documento vén de recoller dun xeito estruturado as necesidades demandadas polas principais entidades, organizacións e asociacións do monte en Galicia.

A incorporación de 101 das 115 directrices para a revisión do Plan Forestal Galicia aprobadas polo grupo de traballo do Consello Forestal de Galicia, composto de 27 organizacións, asociacións e departamentos da Xunta de Galicia directamente relacionados co monte galego, e o engadido de 92 das 123 recomendacións do Ditame emitido en xullo do ano 2018 pola Comisión especial non permanente de estudio e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, que contou co respaldo de 3/4 dos representantes desta cámara parlamentaria, poñen ás claras a autoría deste documento.

Deste xeito, este grupo parlamentario propón aprobar as seguintes propostas:



## Proposta de Resolución número 1.-

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a incorporar ao Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”, os documentos de planificación, de carácter estratéxico, para as principais producións forestais do monte galego, en particular:

- Da producción de castaña (Medidas I.1.3, II.2.3, III.1.1 e IV.1.2).
- Da producción de cogomelos (Medidas I.1.5, V.1.1, V.2.1, VI.2.2).
- Da producción madeireira (Medidas I.1.1., I.1.2, I.1.3, I.2.2, I.3.1, II.2.3, III.1.1, II.1.2, III.2.1, IV.2.1, IV.2.2, IV.2.3, IV.2.4, IV.3.1, V.1.1, V.2.1, VI.2.2).
- Da producción da cortiza e resina (Medidas I.1.5, V.1.1, V.2.1, VI.2.2).
- Outras producións (mel, froitos, plantas aromáticas e medicinais...) (Medidas I.1.5, V.1.1, V.2.1, VI.2.2).

De xeito tal, que determine as producións, en superficie, cantidade e características, que o monte galego debe subministrar para situalo nunha posición estratéxica nos mercados nacionais e internacionais, abordando tamén a transformación dos seus produtos. En particular, o plan estratéxico para a producción industrial da madeira deberá desagregar as necesidades para as principais formacións arboradas de Galicia.

Estes instrumentos de planificación deben ser froito do consenso da cadea monte-industria galega, ter un horizonte temporal amplio e estar sujetos a un seguimento continuado que propicie, de ser necesario, as pertinentes revisións.

## Proposta de Resolución número 2.-

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a ser más ambiciosos nos obxectivos e medidas en materia de información e estatística forestal no Plan Forestal de Galicia 2021-2040. Neste senso, tentaranse incorporar actuacións na planificación estatística da Comunidade Autónoma para estudar a caracterización económica e socio demográfica do monte galego que permitan describir ás explotacións forestais, os seus titulares e a cadea forestal da madeira e doutros recursos forestais. Esta liña de actuación esixirá dun traballo coordinado entre os diferentes organismos e departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia.

### Proposta de Resolución número 3.-

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que estea desenvolto, antes de que remate o ano 2022, o Inventory forestal continuo de Galicia (IFCG) declarado como unha medida fundamental (Medida V.1.1) dentro do Plan Forestal de Galicia 2021-2040. Debe estar baseado no coñecemento académico e científico das escolas forestais universitarias de Galicia, e os datos que se vaian obtendo de dito inventario deberán ser difundidos dun xeito continuado e público.

### Proposta de Resolución número 4.-

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a reservar os importes provenientes dos orzamentos anuais da Xunta de Galicia, dispostos no Plan Forestal de Galicia 2021-2040, que aseguren o necesario apoio orzamentario para a execución dos plans, programas e medidas contemplados en dito documento.

### Proposta de Resolución número 5.-

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a establecer un plan de seguimento continuado que avalíe o grao de execución dos plans, programas e medidas declarados no Plan Forestal de Galicia 2021-2040, en particular:

- O Plan Forestal de Galicia deberá ser actualizado ao final de cada un dos períodos de aplicación (cada cinco anos).
- En adición existirá unha avaliación interna do grao de desenvolvemento do Plan, de carácter bianual, como referencia para analizar o seu nivel de cumprimento. Os resultados que se obteñan detallaranse nun informe de avaliación que será presentado ao Consello Forestal de Galicia e ante esta cámara parlamentaria.
- As consellerías da Xunta de Galicia responsables na execución das diferentes iniciativas, programas e liñas de acción da Revisión do PFG deberán informar anualmente ao Consello Forestal sobre os resultados da execución do orzamento público.
- A consellería con competencias en materia forestal deberá dispor dun acceso público, a través do seu *portalweb*, a un panel de control que monitorice, analice e amose de maneira visual os indicadores quinquenais de seguimento, coas súas métricas e datos fundamentais para facer un seguimento do estado de execución (%) e da súa consecución.

## Proposta de Resolución número 6.-

O Parlamento de Galicia acorda a aprobación desta primeira revisión que se lle fai ao actual Plan Forestal de Galicia denominada *Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”*.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 09/02/2021 18:06:46**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas María González Albert e Carmen Aira Díaz, e do deputado Xosé Luis Rivas Cruz, de conformidade co disposto nos artigos 142 e 141 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **Propostas de Resolución á Primeira revisión do Plan Forestal de Galicia (doc. núm. 8904; 1 l/PEP-000001)** que foi substanciado na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, do 5 de febreiro de 2021, para o seu debate en Pleno ao abeiro do disposto no acordo da Mesa do Parlamento do 26 de xaneiro de 2021.

### Proposta de Resolución 1

*O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a retirar a “Primeira Revisión do Plan Forestal: cara a neutralidade carbónica” presentado e debatido na Comisión 7ª do día 5 de xaneiro de 2021 e reiniciar o proceso de elaboración Plan Forestal por non axustarse o documento actual aos necesarios procesos de participación e transparencia así como por non contar cun inventario actualizado.*

### Proposta de Resolución 2

*O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a respectar os procedementos contemplados na lei para a elaboración do Plan Forestal e polo*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*tanto a facer unha exposición pública da “1ª Revisión do Plan Forestal: Cara a neutralidade carbónica” que permita a participación de toda a sociedade na configuración dun documento o máis amplo posíbel xa que entende que o documento exposto en 2018 é sensiblemente diferente do que se está a tramitar agora como reconoce o propio goberno galego ao argumentar que este último está principalmente baseado nas recomendacións derivadas do ditame da “Comisión especial non permanente de estudio e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galiza, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, específicamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galiza en outubro de 2017”, que nin sequera estaba publicado no momento da exposición pública do documento anterior.*

### **Proposta de Resolución 3**

*O Parlamento galego considera que é preceptivo contar cun inventario forestal actualizado para poder levar a cabo a revisión do Plan Forestal xa que, como marca a lei de montes de Galiza no seu artigo 72, o inventario é un elemento necesario para poder fundamentar a diagnose de situación da que ten de partir o documento. A inexistencia deste inventario, que tampouco é substituído polo anunciado Inventario Continuo Galego (tamén sen publicar) invalida o conxunto do documento presentado ao ser o paso previo básico de análise do que ten de partir o Plan polo que insta á Xunta de Galiza a elaborar ese inventario antes de poñer en marcha a revisión do Plan Forestal*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Proposta de Resolución 4

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir a falta de transparencia na tramitación do Plan Forestal así como o incumprimento doutros trámites necesarios como a Avaliación Ambiental Estratéxica na elaboración desta Primeira Revisión do Plan Forestal que dista moito do documento avaliado e exposto en 2018.

## Proposta de Resolución 5

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar un novo Plan que conteña un **modelo de monte** sobre o que traballar e planificar. O documento presentado non ten unha previsión do modelo de monte que aspira a ter no horizonte dos 20 anos de vixencia que prevé o Plan Forestal. Esta primeira revisión do plan forestal carece polo tanto deses dous eixos básicos sobre os que se ten de estruturar calquera planificación estratéxica: un punto de partida e un obxectivo. Para a elaboración deste modelo terase en conta cal é a realidade actual e cal é o tipo de monte ao que se aspira en 2040.

## Proposta de Resolución 6

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir a falta de especificidade desta Primeira Revisión do Plan Forestal. Para iso comprometerase a modificar a estrutura do documento incorporando unha





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*auténtica planificación más aló de vaguidades e desideráutums que estableza detalles de actuación, obxectivos, prazos e orzamentos nidios para cada un dos programas aquí esbozados así como metodoloxía de revisión do grao de execución deseas obxectivos e actuacións cunha periodicidade máis aló dos quinquenios que marca o Plan.*

### **Proposta de Resolución 7**

*O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a recoñecer a súa renuncia a elaborar un novo modelo de monte que vaia máis aló do monocultivo de eucalipto e que aposte por un monte multifuncional máis aló do forestalismo puro que preconiza este documento. Ao tempo reclámalle que empregue o Plan Forestal para establecer un modelo de monte que teña unha con maior resiliencia fronte aos lumes, no que prime a biodiversidade e que se ordene de tal xeito que sexa capaz de xerar valor engadido e fixar poboación no territorio.*

### **Proposta de Resolución 8**

*O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar un Plan Forestal que permita iniciar o proceso de reversión da situación actual do monte galego e que permita, polo tanto, comenzar a andar o auténtico camiño cara a neutralidade carbónica que vende no título máis aló da propaganda. Un plan forestal que principie a desandar o camiño do monocultivo, que é moito menos*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*eficiente á hora de amorear carbono; que alongue os turnos das cortas; que evite as talas e as plantacións a feito, que perden máis carbono neses procesos do que reteñen nos curtos períodos de pervivencia; que entenda os procesos restauradores como algo complexo que debe incluír o mantemento e fomento de estruturas.*

### **Proposta de Resolución 9**

*O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a deixar de facer deixación das súas funcións e a comenzar a planificar pensando no ben colectivo máis aló do beneficio individual dunhas poucas empresas e propietarixs.*

### **Proposta de Resolución 10**

*O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar unha análise económica seria que planifique os investimentos públicos previstos e que incorpore á análise os investimentos privados, fixando cadros de obxectivos e elementos de revisión dos mesmos. Unha análise que contribúa a valorar as taxas de eficacia no investimento do diñeiro público e que empregue esos fondos públicos para reverter a situación actual e ser motor de cambio e non se contente con ser garante do mantemento das inercias actuais.*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Proposta de Resolución 11

*O Parlamento considera que un bo Plan Forestal ten que implicar a toda a cadea e fixarse como obxectivo a creación de valor engadido. Así insta á Xunta de Galiza a deixar de meter diñeiro sen control no monte e adicar parte dos fondos destinados ao desenvolvemento do Plan Forestal á xeración e consolidación dese valor engadido.*

## Proposta de Resolución 12

*O Parlamento insta a Xunta de Galiza a modificar tanto o **EIXO I** (Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais => **biodiversidade e multifuncionalidade**) como o **EIXO II** (Protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra os incendios forestais) para que aborden o problema da estrutura forestal, onde a expansión do eucalipto é un problema fundamental. O incremento do eucalipto en 20.000 ha contemplado finalmente na RPFG é inadmisible dende calquera óptica. Ao tempo a recoñecer que as 40.000 ha de nitens (non inventariadas no IFN4) que figuran no rascuño inicial foron plantadas co aval do goberno galego actual á marxe das indicacións do PFG.*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## **Proposta de Resolución 13**

*O Parlamento insta a Xunta de Galiza a analizar claramente o grave problema da expansión do eucalipto e a incluír na PRPF un auténtico plan de redución e confinamento do eucalipto que vaia máis aló e sexa moito más ambiciosa que a estratexia recollida no documento que di que “para non exceder as cifras deste aumento (do eucalipto nitens –páx.49 do borrador PRPF) serán establecidos criterios técnicos e normas que axuden a limitar a súa expansión” e que supoña unha redución a 20 anos de 200.000 hectáreas de eucalipto (a razón de 10.000 ha/ano) en medidas de silvicultura de masas mixtas, de eliminación de eucalipto en terras agrícolas PAC e de substitución por caducifolias en cortas favorecendo a estrutura forestal en mosaico.*

## **Proposta de Resolución 14**

*O Parlamento insta a Xunta de Galiza a aclarar a que se refire coa mobilidade de terreos agroforestais (150.000 ha) e se están localizados en zonas agrícolas abandonadas ou son terreos claramente forestais xa que en ningún caso un Plan Forestal ten que marcar a estratexia a seguir no desenvolvemento das terras agrarias subexplotadas e/ou abandonadas no país. Así mesmo admite que dita labor corresponderíalle a un departamento transversal de todos os departamentos da Consellería do Medio Rural con competencias sobre o mesmo. O Plan Forestal en todo caso poderá facer formulacións de ordenación e posta en valor de terras no ámbito que lle corresponde, que son os montes.*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## **Proposta de Resolución 15**

*O Parlamento insta a Xunta de Galiza a modificar o Plan Forestal para afondar no problema das especies invasoras como aquelas do xénero acacia (Programa de Control de Vexetación Invasora que acade as 1.000 ha no cuarto quinquenio (Medida I.1.4) que no documento que se presenta é moito máis insuficiente que no borrador de 2018. Así, alí propúñase a modificación das especies arbóreas dominantes mediante a transformación de masas mixtas en masas puras de coníferas e caducifolias mediante a silvicultura, eliminando 54.289 ha de frondosas alóctonas (52.500 de eucaliptos + 1.789 doutras especies invasoras). Significaba unha redución real, respecto da superficie actual (+25000 de nítens previsto na RPFG), do 11,33 % de masas alóctonas, principalmente eucalipto mentres que no documento actual o obxectivo que se persegue é moi inferior.*

## **Proposta de Resolución 16**

*O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a modificar os obxectivos do programa I.1.1. establecendo unha auténtica priorización das especies autóctonas que vaia moito máis aló das previsións de superficie total ocupada por estas especies en 2040 que o plan establece en 425.000 (só 10.000 por riba das recoñecidas hoxe) no que a todas as luces resulta insuficiente sendo ademais*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*moito menos ambicioso que a proposta de 2018 (que prevía un aumento de 54.000 hectáreas).*

## **Proposta de Resolución 17**

*O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar un cambio de rumbo incluíndo medidas e actuacións específicas que avancen cara un auténtico monte multifuncional máis aló das palabras baleiras incluídas no documento de síntese nas que se fala de multifuncionalidade até en más de 40 ocasións pero que cando baixa ao detalle (I.1.5. Medidas de fomento da multifuncionalidade do monte) só contempla a creación de catro montes modelo (un por provincia) e facer un estudo sobre aproveitamentos non madeirábeis dos montes.*

## **Proposta de Resolución 18**

*O Parlamento insta a Xunta de Galiza a facer unha análise más ampla da multicausalidade dos lumes no noso país e a acometer mudanzas de calado para enfrentarse a uns incendios que, en boa medida, son consecuencia da política de montes do Goberno galego que deixa sen combater as causas estruturais que os provocan reducíndoos a un problema de orde pública. Ao tempo entende errada a estratexia de loita contra o lume formulada no Plan Forestal e polo tanto insta á Xunta a modificar as 10 estratexias debulladas das que 1 é normativa, 7 de plans e reorganización de distritos e 2 de combate contra o lume*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## **Proposta de Resolución 19**

*O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abandonar a política de privatización e de revisión da condición de veciña/o como pasos previos para a eliminación do carácter xermánico da titularidade veciñal dos montes en man comúnn. Ao tempo reclámalle que renuncie a continuar implementando medidas que tendan a obrigar ás mancomunidades de comunidades de montes a obter personalidade xurídica para que poidan entrar socios capitalistas.*

## **Proposta de Resolución 20**

*O Parlamento insta a Xunta de Galiza a non presentar bonificacións e incentivos fiscais que son de imposíbel aplicación nos montes veciñais por seren titularidades e carácter xermánico (como o IBI) e a afondar no reforzamento desa forma específica de titularidade dos montes incidindo no funcionamento asemblear e democrático das comunidades de montes.*

## **Proposta de Resolución 21**

*O Parlamento insta a Xunta de Galiza a facer unha modificación de base da planificación no que ten a ver coa cadea monte-industria para poder afondar no peche do ciclo produtivo e abandonar o modelo baseado na corta de madeira*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*de baixo valor. Galiza corta case un 60% da madeira de todo o Estado pero a facturación do sector só representa o 13% do total de España precisamente pola falta de valor engadido. O Parlamento insta así mesmo á xunta a facer unha planificación que favoreza a creación de tecido empresarial asentado no territorio máis aló das dúas multinacionais que hoxe copan o sector da madeira no país e que permitan avanzar cara unha alternativa de producción de madeiras de calidade.*

### **Proposta de Resolución 22**

*O Parlamento insta a Xunta de Galiza a limitar de xeito claro no Plan Forestal as zonas de exclusión de especies alóctonas e/ou pirófitas como os eucaliptos prohibindo a súa presenza en zonas de Rede Natura, hábitats protexidos e zonas de policía dos cursos fluviais, entre outras.*

### **Proposta de Resolución 23**

*O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar e poñer en funcionamento os Plans de Ordenación de Recursos Forestais (PORF) desde o mesmo momento de entrada en vigor do Plan Forestal e a non agardar ao segundo quinquenio por seren o instrumento de planificación executiva vencellado ao Plan Forestal.*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Proposta de Resolución 24

*O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar e poñer en funcionamento Plans de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Distrito de xeito inmediato trala aprobación do Plan Forestal.*

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

**Asdo.: María González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Carmen Aira Díaz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 09/02/2021 18:07:04**

**María del Carmen Aira Díaz na data 09/02/2021 18:07:12**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 09/02/2021 18:07:22**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 09/02/2021 18:07:38**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e de acordo coa normativa fixada para a Primeira revisión do Plan Forestal de Galicia (doc. núm. 8904), presenta ante esa mesa a seguinte proposta de resolución sobre a base dos seguintes motivos:

O Parlamento de Galicia rexeita a Primeira revisión do Plan Forestal de Galicia remitido pola Xunta de Galicia e insta o Goberno galego á súa reformulación, tendo en conta que:

Este é un documento de baixa calidade técnica, con eivas importantes e unha falla de rigor nas achegas que se lle esixe a un documento coa relevancia que ten que ter o instrumento básico de planificación forestal de Galicia e que vai actuar sobre máis das dúas terceiras partes do noso territorio. A maior abundamento precisa dunha adaptación deste plan ao novo marco xurídico vixente en Galicia en virtude da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia co fin de corrixir eivas tan importantes como:

- a) Títulos e horizontes temporais incoherentes ao longo do documento
- b) Falta de metodoloxía coñecida e diagnóstico.
- c) Obxectivos confusos.
- d) Desprezo polo modelo de monte e os PORF.
- e) Falla de rigor nos datos de eucalipto e piñeiro.
- f) Uso malévolu das masas frondosas caducifolias.
- g) Esta revisión do Plan ten un curto desenvolvemento das medidas ou programas de actuación por eixo programático, así como os seus indicadores de seguimento que, en moitos casos, son soamente de xeito orzamentario e non de resultado de execución.
- h) Falla de credibilidade na distribución orzamentaria.

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2021





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/02/2021 18:20:09  
**Nº Rexistro: 10472**  
Data envio: 09/02/2021 18:20:09.862

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 09/02/2021 18:17:27**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 142 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa as seguintes propostas de resolución á Primeira revisión do Plan Forestal de Galicia (doc. núm. 8904), aos apartados que se indican:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

*VI.1. Desenvolvemento territorial da planificación, avaliación e seguimento do Plan Forestal e dos Plan de Ordenación dos Recursos Forestais  
Obxectivo programático*

### Resolución 1

Proceder á adaptación do Plan ao novo marco xurídico vixente en Galicia en virtude da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que derroga expresamente a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

*2.5 Documentación preceptiva requirida no procedemento de avaliación ambiental estratéxica da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia*

### Resolución 2

Iniciar un novo procedemento de avaliación ambiental estratéxica de conformidade co disposto na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, dado a inseguridade xurídica no proceso de avaliación ambiental iniciado en 2018, o tempo transcorrido, as modificacións continuas efectuadas, a tramitación seguida e a carencia de rigor no proceso avaliador iniciado, en virtude do disposto no artigos 21 e seguintes da citada lei.

*8.1 Orzamento público. Primeiro quinquenio de excusión.*

### Resolución 3

Adaptar o período de vixencia, execución e programación aos retrasos reiterados na tramitación do Plan. En 2021, preséntase un plan cunha vixencia operativa



real de cinco anos para o período 2018-2021, por moito que se tente maquillar modificando a referencia a 2021-2025- A aprobación do Plan praticamente viría a coincidir co terceiro ano de vixencia deste.

Adaptar a senda orzamentaria do Plan aos tempos da Consellería do Medio Rural, non ten sentido presentar en 2021 sendas orzamentarias “futuras” que comezan en 2018 e que se incumpren de forma reiterada.

Optar ou ben pola inclusión no Plan do rol da Axencia Galega da Industria Forestal ou directamente pola súa supresión neste novo modelo de administración paralela en forma de axencias que xestionan preto do 10% do orzamento global da Xunta de Galicia carente de coordinación e de calquera atisbo de dirección por obxectivos.

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 09/02/2021 18:22:52**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M<sup>a</sup> Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre o impacto na economía galega do fin das medidas adoptadas para frear os efectos da Covid -19.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén determinada pola necesidade de que o Parlamento se posicione sobre a necesidade de avaliar o impacto da Covid-19 na economía galega e de adoptar medidas con premura.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Covid-19, ademais de supoñer unha perda terríbel de vidas que a día de hoxe continúa, e que precisa que os gobernos prioricen e poñan todo o seu esforzo en poñerlle freno, supuxo un duro golpe para a economía galega. Pero aínda non coñecemos o alcance real do golpe.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O impacto da pandemia na economía galega xa é evidente, pero os indicadores non permiten ser moi optimistas sobre a evolución económica da Galiza nos próximos meses.

No relativo ao comportamento do mercado laboral, a ocupación e o desemprego, o ano 2020 rematou cunha taxa de paro do 12% (11,8% no 2019) e cunha perda de 21.000 empregos en Galiza, os que 15.900 estaban ocupados por mulleres, coas que se cebou e se ceba especialmente a crise. Como preocupante tamén son os datos relativos á taxa de ocupación da poboación xuvenil, que diminúe respecto ao trimestre anterior e o mesmo trimestre do 2019, e da taxa de paro deste colectivo, que se ben diminúe lixeiramente respecto ao trimestre anterior, aumenta de xeito significativo en comparación co cuarto trimestre do 2019. Reflectindo datos preocupantes no relativo ao tipo de contratación.

En canto á taxa de actividade, os datos da EPA (Enquisa de Poboación Activa) relativos ao cuarto trimestre do 2020, amosan que aquela sitúase na Galiza no 52,3%, e diminúe 0,2 puntos respecto ao terceiro trimestre do ano 2020. Diminución que se sitúa no 0,8% se o comparamos co mesmo trimestre do 2019.

Hai unha parte da economía que está sostida artificialmente mediante axudas, os ERTEs ou co aprazamento da obligatoriedade de presentar concursos. A emergencia sanitaria provocou que as administracións tivesen que articular medidas con máis ou menos celeridade, que pola pervivencia de aquela, tamén se estenderon más tempo do inicialmente previsto. É o caso dos ERTEs baseados nunha causa de forza maior relacionada coa Covid-19, prorrogados ata o 31 de maio deste ano.

Pero a evolución económica apunta a que parte dos afectados polos ERTEs non recuperarán o seu traballo. Ao que hai que engadirlle o considerable número de traballadoras e traballadores que perderon o seu emprego pero seguen contabilizando





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

coma inactivos, dado que as dificultades actuais para buscar traballo lles impiden ser considerados coma parados.

Toda esta situación provoca que el dano causado na economía galega pola pandemia aínda non se poida ver en toda a súa magnitudo, pero o que é dunha claridade meridiana é que a fin das axudas e dos ERTEs vai supoñer un forte impacto na economía galega, que se verá probablemente ao longo do 2021.

Por todo isto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para minimizar o impacto que na economía galega vai ter a fin das medidas para frear os efectos da Covid -19, nomedamaente, a fin dos ERTEs por forza maior?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

**Asdo.: Ana Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

**M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz**

**Luis Bará Torres**

**Iria Carreira Pazos**

**Daniel Castro García**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo**  
**Alexandra Fernández Gómez**  
**María González Albert**  
**Mª Carme González Iglesias**  
**Rosana Pérez Fernández**  
**Daniel Pérez López**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Mercedes Queixas Zas**  
**Paulo Ríos Santomé**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2021 13:07:20**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/02/2021 13:07:28**

**Mercedes Queixas Zas na data 15/02/2021 13:07:37**

**Rosana Pérez Fernández na data 15/02/2021 13:07:53**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 15/02/2021 13:08:02**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Pérez López na data 15/02/2021 13:08:09**

**Iria Carreira Pazos na data 15/02/2021 13:08:19**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/02/2021 13:08:28**

**Daniel Castro García na data 15/02/2021 13:08:35**

**María del Carmen Aira Díaz na data 15/02/2021 13:08:42**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2021 13:08:56**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/02/2021 13:09:03**

**María González Albert na data 15/02/2021 13:09:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2021 13:09:23**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2021 13:09:30**

**Alexandra Fernández Gómez na data 15/02/2021 13:09:37**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/02/2021 13:09:44**

**María do Carme González Iglesias na data 15/02/2021 13:09:53**

**Paulo Ríos Santomé na data 15/02/2021 13:09:58**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M<sup>a</sup> Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á situación da UCI do CHUO ao longo da terceira vaga da covid-19 e ás actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galiza para garantir prazas suficientes.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A alarma social xerada pola desinformación da Xunta de Galiza respecto da situación real da UCI do CHUO.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego temos manifestado a nosa preocupación pola situación e evolución da capacidade asistencial do Complexo Hospitalario de Ourense. Cómpre lembrar que na vaga do outono vimos como xa en outubro se trasladaban pacientes a outros hospitais e se cancelaban operacións. Así mesmo, en novembro habilitáronse ata 9 camas en quirófanos mentres se seguían derivando doentes a outros hospitais, polo que é evidente que o reforzo non chegaba onte e non ía chegar nesta nova vaga. Neste sentido, desde esta organización





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

así como desde diferentes colexios profesionais reclamouse desde comezos de 2021 un reforzo de persoal e espazos.

Na semana do 21 de xaneiro os medios de comunicación informaban novamente do aprazamento de operacións e a fin de semana do 23 de xaneiro o señor Félix Rubial, xerente da área, afirmaba nunha entrevista dominical que o CHUO xa habilitara novamente aquelas 9 camas. Sorprende que falando de contactos “explosivos” e tendo en conta as características poboacionais de Ourense non se previran más medidas, mais resulta áinda máis sorprendente que os medios de comunicación volvan informar os días 9 e 10 de febreiro da habilitación de quirófanos como espazos para camas covid.

Máis áinda, resulta inaudito que tendo Ourense un edificio de hospitalización “novo” e varios espazos nos demais edificios sen usar a alternativa para a dotación de reforzos, previbles, por outra parte, sexa a de pechar quirófanos. Entendemos, polo tanto, que estas cuestións deben ser explicada, xa que a Xunta de Galiza segue ocultando o Plan de Continxencia do Hospital e a alarma social aumenta.

Por todo isto formulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Pode explicar a Xunta de Galiza a evolución da UCI de Ourense e porque a única alternativa habilitada é a de continuar a pechar quirófanos para convertelos en espazos para este fin no lugar de establecer un reforzo estable durante toda a pandemia?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Ana Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

**M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz**

**Luis Bará Torres**

**Iria Carreira Pazos**

**Daniel Castro García**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Alexandra Fernández Gómez**

**María González Albert**

**M<sup>a</sup> Carme González Iglesias**

**Rosana Pérez Fernández**

**Daniel Pérez López**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Mercedes Queixas Zas**

**Paulo Ríos Santomé**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/02/2021 10:59:53**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/02/2021 11:00:02**

**Mercedes Queixas Zas na data 10/02/2021 11:00:11**

**Rosana Pérez Fernández na data 10/02/2021 11:00:22**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 10/02/2021 11:00:33**

**Daniel Pérez López na data 10/02/2021 11:00:42**

**Iria Carreira Pazos na data 10/02/2021 11:00:55**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/02/2021 11:01:04**

**Daniel Castro García na data 10/02/2021 11:01:14**

**María del Carmen Aira Díaz na data 10/02/2021 11:01:23**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/02/2021 11:01:30**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/02/2021 11:01:41**

**María González Albert na data 10/02/2021 11:01:52**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/02/2021 11:02:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/02/2021 11:02:08**

**Alexandra Fernández Gómez na data 10/02/2021 11:02:15**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/02/2021 11:02:23**

**María do Carme González Iglesias na data 10/02/2021 11:02:32**

**Paulo Ríos Santomé na data 10/02/2021 11:02:42**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as incorporacións de mozos e mozas e os plans de mellora da actividade agrogandeira.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é ben sabido o rural galego sofre un despoboamento grave que tamén é compartido por outros territorios, tanto europeos como do resto do estado español.

É fundamental pois, a incorporación de mulleres e homes xoves no tecido rural e para iso compre orientar, asesorar e tutelar o plan emprendedor de asentamento e destas empresas no sector primario cun marcado carácter agropecuario.

As medidas recollidas no PDR para a asignación de axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, e para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, que afrontan por primeira vez unha aventura empresarial son complexas no seu manexo, como tamén o é a xestión técnico-económica posterior das explotacións agrogandeiras.

Temos tan só dous mecanismos públicos de soporte administrativo onde estes mozos/as poden acudir: por un lado temos os Servizos Provinciais de Explotacións Agrarias nas capitais de provincia, dependente da Consellería do Medio Rural e por





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

outra parte contamos coas OACs (Oficinas Agrarias Comarcais), cada día máis desmanteladas en recursos e medios humanos, que se erixen como o primeiro recurso e en moitas veces o único a onde acudir para solicitar axuda ou consello nas tramitacións administrativas.

As OACs convertéronse nos últimos anos en meras tramitadoras de expedientes e canalizadoras da crecente e cada vez máis excesiva burocratización da Xunta de Galiza, namentres o Servizo de Explotacións Agrarias centra a súa labor administrativa case exclusivamente nas tarefas inspectoras, auditoras e sancionadoras.

A Consellería de Medio Rural descoidou o papel que exerceron as antigas Axencias de Extensión Agraria ou o Axencia de Desenvolvemento Gandeiro, que tiveron a súa orixe nos anos 50 e 60 e que agromaron coa finalidade de modernizar o agro galego, a través de la transferencia de coñecemento e dos avances técnicos ás explotacións agrogandeiras, grazas a unha administración próxima e coñecedora da problemática rural e produtiva, que derivaron a súa función principal cara as xestións agrarias, especialmente a tramitación e cobro das axudas públicas procedentes da PAC.

Progresivamente abandonamos deste xeito o servizo público de formación e acompañamento para os proxectos que se presentan nas sucesivas convocatorias para axudas á incorporación da xuventude, centrando única e exclusivamente no cumprimento dos requisitos das bases recollidas na convocatoria da axuda, no control da fiscalización da execución do investimento, e no seguimento dun plan empresarial estandarizado, “encorsetado” e en moitas ocasións irreal e afastado da especificidade e características singulares en cada iniciativa emprendedora.

Deste xeito, as/os xoves tropezan con todo tipo de atrancos que van dende a creación do propio plan empresarial o máis real posible, o pago de impostos, a xestión





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

técnico-económica da empresa e toda este periplo fano na más absoluta soildade debido a que para a Xunta de Galicia o éxito das novas incorporacións mídese pola correcta execución das axudas e non pola viabilidade e “perdurabilidade” no tempo do proxecto empresarial.

Por estes motivos formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o goberno da Xunta de Galiza arbitrar os mecanismos programáticos e orzamentarios precisos para dotar tanto ás OAC como as delegacións provinciais do Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería de Medio Rural, do persoal suficiente para facer un asesoramento e seguimento das novas explotacións e da súa viabilidade?

Santiago de Compostela, 05 de febreiro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 05/02/2021 13:14:17**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/02/2021 13:14:20**

**María González Albert na data 05/02/2021 13:14:28**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as axudas para o sector vitivinícola, a modificación do PASVE para a inclusión das explotacións vitícolas e a achega de fondos extraordinarios ao sector pola crise COVID.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia da Covid-19 está a castigar duramente ao sector vitivinícola e os seus efectos no sector só se poden cualificar de devastadores. Non só polo peche das canles HORECA (hoteis, restaurantes e cafetarías) -que son o circuíto de venda habitual de dous terzos da producción total de viño do país- durante o confinamento e as posteriores restricións. As vendas no exterior tamén caeron en catro das cinco denominacións de orixe do país. As limitacións provocadas pola crise sanitaria sumáronse á incertidume xerada polo Brexit entre os importadores do Reino Unido así como a perda de competitividade no mercado estadounidense a raíz da aplicación dos aranceis do 25% impostos polo executivo republicano de Donald Trump.

É importante neste contexto ter en conta os diferentes graos de afectación que ten suposto a pandemia aos distintos actores do sector e así resulta importante diferenciar os efectos da COVID para os viticultores e pequenos produtores que venden a súa uva a bodegas dos efectos que a mesma pandemia tivo nestas bodegas tamén





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

dependendo do seu tamaño, de se pertencen ou non a unha Denominación de Orixe e tamén, entre estas últimas, dependendo de cal das cinco D.O. esteamos a falar.

Como apuntamento podemos sinalar que se produciu neste primeiro ano COVID un aumento importante da venda por canles dixitais pero desde o sector confirmase que este aumento en ningún caso se achega a cubrir a perda de vendas provocada polo peche do sector HORECA.

As cinco Denominacións de Orixe galegas (Ribeiro, Rías Baixas, Monterrei, Ribeira Sacra e Valdeorras) teñen moi distintos graos de presenza nos mercados exteriores pero todas as súas exportacións acusaron os efectos da pandemia. Neste contexto foi a D.O. de Rías Baixas a que mellor soportou o envite que tivo efectos demoledores noutras denominacións como Valdeorras.

Un terceiro factor que ten incidido decisivamente nesta crise incomparábel a calquera outra no sector foi a paralización do mercado turístico e vacacional, un condicionante que ten debilitado tamén as outras canles de venda da producción vitivinícola galega habituais sobre todo no verán.

Neste contexto estase a levar a cabo a redefinición do Programa de Apoio ao Sector Vitivinícola Español (PASVE). A Xunta de Galiza tense que posicionar claramente e defender diante do Ministerio de Agricultura unha reorientación destes fondos que permitan que poidan chegar ás explotacións vitícolas que son a base do sector no noso país. Ao tempo é fundamental reaxustar a medida de promoción en terceiros países para que se poidan financiar campañas de promoción a nivel interno e europeo ás que poidan ter acceso as adegas pequenas e medinas que constitúen o maior número do sector vitícola galego.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cun 4% menos de fondos, por mor do recorte orzamentario da nova PAC, e nos tempos de crise que temos por diante é fundamental que se faga chegar parte dos fondos aos puntos máis febles do sector: as persoas viticultoras e as adegas pequenas e medianas.

Non é só unha cuestión de supervivencia económica, é tamén un factor de conservación e fixación de poboación no noso territorio rural. É responsabilidade e competencia da Xunta de Galiza habilitar os mecanismos precisos que permitan un maior acceso dos distintos axentes do sector vitivinícola galego aos fondos do PASVE.

Hai un dato demoledor. O Fondo Español de Garantía Agraria O. A. (o FEGA) fixo no último exercicio (de outubro de 2019 a outubro de 2020) un total de pagos de 212,7 millóns de € ao sector vitivinícola do Estado Español, dos que só chegaron a Galiza o 1,1% (ou o que é o mesmo, 2,4 millóns de euros). Os datos falan por si propios.

A Xunta de Galiza só activou dúas liñas específicas de axudas para o sector, unha “Para a mellora das instalacións de elaboración e comercialización”, e outra, “Para medidas de promoción en países terceiros”. Sen embargo moitas bodegas e colleiteiros se teñen queixado da insuficiencia destas axudas así como das dificultades de acceso ás mesmas nun sector no que (sobre todo nas D.O. de interior do país, priman as pequenas bodegas e a fabricación artesanal).

O Goberno central pola súa banda aprobou en xuño un paquete de axudas de 90 millóns de € para os efectos da COVID no sector que incluía destilación de crise, almacenamento privado e colleita en verde, uns criterios que non favorecen en absoluto ás pequenas e medianas adegas do noso país.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Nesta situación, a Xunta de Galiza ten de actuar nunha dupla fronte. Dunha banda con accións directas de apoio ao sector e doutra como intermediario directo para reorientar e axustar as medidas propostas polo Ministerio de Agricultura.

Por estes motivos formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas de axuda directa ten pensado aplicar a Xunta de Galiza de xeito directo e que posición vai tomar na negociación da próxima PASVE de cara a eliminar o agravio comparativo do reparto destes fondos para o sector en Galiza?

Santiago de Compostela, 05 de febreiro de 2021

**Asdo.: María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 05/02/2021 13:35:11**

**María del Carmen Aira Díaz na data 05/02/2021 13:35:14**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/02/2021 13:35:24**

## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Pacto Verde pretende transformar a economía europea de forma que se considere sostible en todas as súas vertentes, facendo fincapé na necesidade de incluír todas as políticas nese reto.

A loita contra o cambio climático, a preservación do medio ambiente, do chan, da auga, do aire, da biodiversidade e da paisaxe convertérónse en prioridade tanto para o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como para a nova PAC.

Segundo acordo do Consello Europeo, un 40 % do conxunto da PAC debe ter esa vocación ambiental, e un 30 % das intervencións do Feader, do segundo piar, teñen que estar orientadas a esa materia.

Os novos obxectivos víronse aumentados cos novos retos que expoñen as comunicacións da Comisión Europea: a estratexia denominada “Da Granxa á Mesa” e a “Estratexia da Biodiversidade”. Nelas establecíanse unha serie de obxectivos en materia de redución da utilización de produtos fitosanitarios, de fertilizantes e de antibióticos.

Coherente con esta nova sensibilidade ambiental, e en cumprimento da legalidade, o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación elaborou o borrador de Proxecto de Real decreto, polo que se establecen normas para a nutrición sostible nos chans agrarios.

Este proxecto de Real decreto, elaborado conforme a criterios técnicos e conforme aos compromisos e as directrices europeas na materia, supón unha ferramenta para que o sector agrícola español mellore os sistemas de produción, diminuíndo o impacto ambiental derivado do uso de produtos fertilizantes minerais e outras fontes de nutrientes.

O trámite de audiencia actual, coa publicación do borrador da norma, no portal do Ministerio ten o obxecto solicitar cantas achegas adicionais se poidan facer por outras persoas ou entidades.



A fertilización é un dos aspectos máis importantes en gran parte das producións agrícolas e supón unha alta porcentaxe dos custos de producción. Para conseguir unha producción agrícola de calidade, o cultivo debe ter dispoñibles os nutrientes que necesita no momento adecuado.

As bases amplamente recoñecidas para unha boa fertilización apóianse en achegar á planta os nutrientes que necesita na cantidade, momento e forma adecuados. É necesario coñecer cales son as necesidades do cultivo para o rendemento esperado, que nutrientes hai dispoñibles, os momentos de máxima necesidade do cultivo e as posibilidades técnicas para coordinar fertilización e necesidade.

O proxecto de Real decreto pretende establecer unhas normas que rexan estes aspectos, que se minimicen as perdas de nutrientes ao ambiente, mellorando a eficiencia do material achegado como fertilizante e que se facilite o control desta actividade.

O RD 818/2018, sobre medidas para a redución das emisións de determinados contaminantes atmosféricos, inclúe a obrigación do Ministerio de Agricultura, de elaborar e publicar un código nacional de boas prácticas agrarias, para controlar as emisións de amoníaco, que debe incluír, entre unha serie de medidas, as técnicas de esparexemento de esterco con baixo nivel de emisións.

O amoníaco ( $\text{NH}_3$ ) é un gas contaminante que afecta tanto ao medio ambiente como á saúde das persoas. Produce malos cheiros, irritación das vías respiratorias, ademais de ser un precursor da formación de micropartículas contaminantes no aire. O 96 % das emisións deste gas contaminante, no noso país, xéranse polas actividades agrícolas e gandeiras.

Durante o período 2010-2018, España superou o límite máximo permitido de emisións cun exceso de máis 25 % de media sobre o teito. Das 457.300 toneladas de amoníaco, emitidas pola agricultura, o 47 % procedían dos chans agrícolas, que inclúen as emisións da aplicación de estercos e fertilizantes nitroxenados minerais, estes últimos representan un terzo deste 47 % de emisións.

A urea é o fertilizante nitroxenado máis barato no mercado, polo que as decisións que se tomen respecto diso supoñerán un aumento do custo de producción. O fomento de práctica que vaian en liña de menor utilización de abonos de sínteses como a urea encaixa á perfección coa nova filosofía PAC e axudará a diminuir a cantidade de amoníaco emitido á atmosfera.



As previsións de fronte ao cumprimento das cifras establecidas pola Directiva (UE) 2016/2284 (para calquera ano entre 2020 e 2029, redución do 3 % en comparación con 2005 e do 16 % a partir de 2030) indican que é necesario poñer en marcha medidas que revertan este feito.

España ten aberto un procedemento de infracción na UE por incumprimento da Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura. Non é a primeira vez que España tivo que responder a cartas de emprazamento por este tema. O R.D. foi elaborado en colaboración con MITERD e establece medidas para reducir esta contaminación.

Os inventarios oficiais elaborados por España, tanto de GEI como os outros contaminantes, baséanse nos protocolos e guías internacionais, sendo auditados externamente con periodicidade. O MITERD tramita as modificacións e melloras que se atopen xustificadas e validadas científicamente.

Dende a entrada en vigor do RD 1078/2014, é obligatorio aplicar de forma localizada ou enterrada os xurros para poder cobrar as axudas da PAC, é dicir, non poden utilizarse sistema de prato, abanico ou canóns. Considérase como unha das técnicas con maior impacto na redución de emisións.

Con todo, permitíanse excepcións a aplicar polas CC.AA en zonas de orografía complicadas. A día de hoxe mantéñense, polo menos, en Aragón, Asturias, Cantabria, Castela e León, Cataluña, Galicia, Murcia e País Vasco, con diferentes condicións relativas a pendentes, superficies e cultivos. Estas excepcións contempladas non foron aproveitadas polas CC.AA e o anterior goberno do estado para ir introducindo novas prácticas que reduzan as emisións e contaminación dos solos.

As CC.AA deberán favorecer a aplicación das mellores técnicas dispoñibles á hora de establecer excepcións á prohibición. No caso de parcelas nas que a pendente media sexa superior ao 20%, con carácter xeral non se poderá realizar dita aplicación. Con todo, aquelas Comunidades Autónomas que teñan zonas con orografía complicada e onde se dea dita circunstancia nunha maioría das súas parcelas, poderán agrupar ditas parcelas seguindo criterios obxectivos, e establecer excepcións, mediante resolucións ou regulamentos non necesariamente individualizados.

Un aspecto importante a ter en conta na análise do sector agro-gandeiro da cornixa cantábrica é a súa relación co medio natural, e a súa tipoloxía de



explotación familiar sostible. Gran parte das paisaxes e a biodiversidade dependen do mantemento de sistemas agrarios de producción tradicionais de baixa intensidade, denominados Sistemas Agrarios de Alto Valor Natural.

Neles dáse unha gran cantidade de mosaicos paisaxísticos, unha forte presenza de vexetación seminatural, á vez que un importante número de especies e hábitats dependentes destes sistemas de producción. En orixe, o concepto só se circunscribía aos sistemas agrarios, para incorporar posteriormente aos forestais, así como á combinación de ambos, ao modo do que se coñece como sistemas agroforestais.

Estes sistemas supoñen un mecanismo de custodia activa do territorio, derivada do seu papel na conservación das paisaxes, da biodiversidade asociada, e á mitigación do cambio climático: tanto por un número menor de emisións, a conservación de variedades xenéticas locais adaptadas, ou o mantemento de sumidoiros de CO<sub>2</sub>, como son os pastos permanentes, os sebes e lindes arbóreos das parcelas, os prados inundables próximos aos leitos, a vexetación de ribeira, etc,. Neste sentido, é necesario resaltar, que neste tipo de paisaxes agroforestais, presentes en moitas comarcas da Cornixa Cantábrica e Galicia, funcionan como verdadeiros “filtros e infraestruturas verdes”, onde a calidad da auga segue sendo das mellores, non só da Península Ibérica senón de Europa, en canto ao contido de nitratos, non sendo declarada ningunha zona vulnerable por incumprimento da Directiva 91/676/CEE .

En definitiva, a importancia das explotacións agrarias familiares pasa as cuestións económicas, e entra de cheo en aspectos relacionados co mantemento da poboación rural en zonas desfavorecidas, a resiliencia da paisaxe fronte aos incendios, evitando a acumulación e a continuidade da biomasa debida ao abandono dos usos agrarios tradicionais en mosaico.

Tanto a guía *Options for Ammonia Mitigation. Guidance from the UNECE Task Force non Reactive Nitrogen*, como a Guía das mellores técnicas disponibles para reducir o impacto ambiental da gandería, inclúen, entre outras moitas, a aplicación dos xurros de forma localizada. É unha das técnicas que máis contribúe a reducir as emisións de amoníaco, utilizándose como técnica de referencia a distribución mediante abanico (técnica coa máxima emisión).

Ambos os documentos, en referencia á aplicación en campo de Xurros, inclúen a aplicación en bandas, inxección, dilución ou incorporación ao chan.



As reducións de emisións pódense conseguir en distintas fases empezando polo axuste proteico das racións dos animais ás súas necesidades reais (gandería de precisión), aumentando o tempo que o gando está en pastoreo, a tipoloxía e o modo de limpeza do cortello, a cubrición das balsas de xurros e favorecer a formación de costra natural nas balsas, etc.

A guía da UNECE sinala a importancia que teñen as diferentes condicións de clima e chan na fase de aplicación dos xurros. O orballo é unha das condicións máis favorables para evitar as emisións de amoníaco con reducións próximas ao 100%. Outros factores favorables son a alta humidade relativa atmosférica, as baixas temperaturas, vento en calma, e baixa radiación solar, sendo tamén favorables para reducir as emisións os chans acedos, con alto contido en materia orgánica diminúen as emisións.

O sistema de producción en pastoreo e a gandería extensiva ten un dos maiores potenciais para reducir o amoníaco, sendo moi inferiores ás emisións dos sistemas de cortellos confinados. Tamén ten outros beneficios para a economía circular, favorecendo o aproveitamento dos recursos forraxeiros, fronte á importación de pensos (cereais, soia), a mellora do “benestar animal” fronte ao gando estabulado todo o ano, a calidade nutritiva do leite e o seu maior valor para o consumidor, a creación de paisaxe e creación de hábitats biodiversos de gran valor para os insectos, aves...

España ten unha rica variedade de climas, chans e paisaxes con diferentes tipos de manexo do gando, tamaño das explotacións, etc polo que é necesario conxugar o elevado nivel de compromiso na redución de emisións de amoníaco, e outros impactos medio ambientais coa diversidade de producións e sistemas agrogandeiros que existen tal como reivindican as organizacións agrarias.

A enorme diversidade da tipoloxía da explotacións agrarias, unida á diversidade edafoclimática da xeografía española, fan necesario deixar unha mínima marxe de flexibilidade para a adaptación da normativa estatal a cada territorio permitindo utilizar a ampla gama das diferentes boas prácticas ambientais sinaladas na Guía da UNECE.

Manter a actividade gandeira é clave para fixar poboación nas zonas rurais, así, por exemplo, na provincia de Lugo, que é a que máis leite de vaca produce de todo o Estado, a proporción de man de obra ocupada en agricultura representa o segundo lugar en España, só despois da provincia de Almería.



Por unha banda, na Cornixa Cantábrica existen unha gran cantidad de explotacións de pequeno tamaño que non teñen a rendibilidade necesaria para facer os investimentos que esixe o cambio proposto. En moitos casos, non só sería necesario adaptar a cisterna, senón que implicaría o cambio desta, e mesmo o tractor, tendo unha repercusión económica non asumible para as pequenas explotacións familiares.

Algunhas das medidas de redución, como a compra de novo equipamento para aplicar o xurro, adoitan ser más facilmente asumibles nas grandes explotacións que nas pequenas, xa que os custos unitarios diminúen a medida que aumenta o volume de esterco debido á economía de escala.

Segundo os datos publicados por Eurostat, no ano 2013, as explotacións más grandes, con máis de 500 Unidades Gandeiras (UGM), representaban o 83, 62, 41, e 7,5% da cabana total nacional de Galiñas poñedeiras, porcino, pitos e vacún de leite respectivamente. por tanto, as medidas de mitigación poden ser más efectivas centrando os esforzos nas granxas de maior dimensión.

Segundo os datos publicados polo Ministerio no último “Balance de Nitróxeno da Agricultura española, 2016” poderíanse reducir os fertilizantes químicos utilizados nun 63% se se mellorase o aproveitamento do nitróxeno orgánico, para o que sería necesario priorizar a mellora das balsas de almacenamento do xurro, para que se poida aplicar adecuadamente na época na que o necesitan os cultivos. Estas melloras irían en favor da economía rural, ao reducir os custos de abonado e do medio supoñendo a redución das emisións de amoníaco anuais en máis dun 8% do total nacional, así como evitar o grave problema da contaminación por nitratos .

En moitas ocasións, as propias condicións da orografía desta zona do Noroeste da Península non fan recomendable a utilización de determinados apeiros, por motivos de seguridade no traballo.

Por outra banda, tamén é necesario destacar os problemas mecánicos, que aínda na actualidade, mostran a maior parte dos novos sistemas de inxección, que ven agravados segundo diminúa a porcentaxe de humidade do esterco ou pola presenza e material dos cubículos das vacas (area) no xurro.

A aplicación de abonos orgánicos está moi influenciada pola organización do traballo por parte do agricultor e a disponibilidade de maquinaria. Sería conveniente unha maior flexibilidade no enterrado de esterco.



Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é necesario axeitar as medidas, que se adopten no Real Decreto, ás necesidades dos cultivos e explotacións de Galicia e de toda a Cornixa Cantábrica.

Ante o procedemento de infracción na UE por incumprimento da Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura e a elaboración do anterior Real decreto, onde xa se establecían prohibicións na xestión do xurro, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cales son as medidas para loitar contra a contaminación do solo por nitratos e do aire por NH<sub>3</sub> que levou e pensa levar a cabo o Goberno galego dende o RD 1078/2014?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 05/02/2021 13:59:38**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/02/2021 13:59:52**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 14 de xaneiro, o “Venturer” saía do porto vigués con 64 persoas a bordo, co obxectivo de faenar nas augas das Malvinas. Na súa viaxe tomáronse todas as precaucións necesarias, a través das pertinentes probas de detección de coronavirus e pasando unha semana en corentena nun hotel, para asegurar que ningún dos tripulantes embarcaba portando o virus. De feito, algunas das persoas que inicialmente gardaban a corentena tiveron que quedar en terra após ter dado positivo na proba.

Malia aos esforzos de prevención, dez días despois de saír do porto de Vigo varios dos tripulantes comenzaron a presentar síntomas ligados á covid-19. Inmediatamente, o capitán do buque púxose en contacto co Centro Radio Médico de Madrid e diante do empeoramento da situación, trasladáronse a Salvador de Bahía o 28 de xaneiro, onde permanecen illados no barco sen que se lles permita desembarcar, agás cinco tripulantes que foron ingresados en centros hospitalarios diante da gravidade dos seus síntomas.

As familias dos tripulantes non están a recibir información da administración e tiveron que agardar ata o cinco de febreiro, día no que a empresa á que pertence a embarcación contactou cos tripulantes. Malia que contactaron directamente co





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

consulado para pedir a súa intervención e axuda aos tripulantes, a día de hoxe non teñen constancia de se subiron a bordo para coñecer a situación directamente ou de cales van ser as actuacións que se leven a cabo.

A incerteza e a preocupación que están a vivir as familias dos tripulantes do “Venturer” é inxustificábel e as actuacións da empresa e das distintas administracións incualificábel, pola súa falla de implicación e por non informarse dende o primeiro momento e asegurar unha asistencia axeitada que nin sequera garante á tripulación baixar a terra para recibir os coidados médicos que precisen e poder recuperarse.

Diante desta situación formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que a súa propia actuación, así como a da empresa responsable do buque e a do governo do Estado foi e está a ser diligente e acaída no caso da tripulación do buque galego “Venturer” afectada pola covid-19 e retida en Salvador de Bahía?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

**Asdo.: Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 08/02/2021 09:54:48**

**María do Carme González Iglesias na data 08/02/2021 09:55:03**

**Rosana Pérez Fernández na data 08/02/2021 09:55:10**



## Á Mesa do Parlamento

**Juan Carlos Francisco Rivera, Julio Torrado Quintela, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Tribunal de Xustiza de Galicia (TXG) vén de facer público unha sentenza do Xulgado do Penal número 3 de Pontevedra pola que se condena ao actual presidente da Federación Galega de Fútbol, a pena de dous anos de prisión e oito de inhabilitación para cargo público, por un “delito de prevaricación, en concurso cun delito de fraude” por conceder unha axuda de 86.311 euros ao Concello de Moraña para que executar unhas actuacións de mellora no campo de fútbol municipal.

Na devandita sentenza – recorrible diante da Audiencia Provincial - se condena ademais, entre outras persoas, a delegada Territorial da Xunta de Galicia na provincia de Pontevedra e alcaldesa de Moraña cando se produciron os feitos.

O xuízo, que tivo lugar en novembro, remóntase a uns feitos acaecidos entre 2011 e 2013. Na primeira das anualidades pactouse a instalación de herba artificial na instalación deportiva así como outras obras menores pero unha certificación incrementou un custe que non se podía pasar ao tratarse dun proxecto financiado con diñeiro público.

A maxistrada do Xulgado do Penal número 3 de Pontevedra sostén que "se ideou un sistema artificioso, en fraude de lei, tendente a abonar á empresa o importe que reclamaba".

Foi en 2013 cando se adxudicou "de forma irregular" outro proxecto sobre o campo á mesma construtora, algo que se considera probado polas escoitas feitas. O feito de que se seguisse adiante con este engano evidencia, para a xuíza, "a clara vontade manifesta en contra da legalidade" do Sr. Rafael Louzán.

O Sr. Rafael Louzán é o actual Presidente da Federación Galega de Fútbol, que se integra actual na estrutura territorial da Real Federación Española de Fútbol, entidade asociativa privada, de utilidade pública, que exerce funcións propias e funcións públicas delegadas.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



E si ben é certo que o cargo que ostenta o Sr. Louzán (foi presidente Deputación de Pontevedra e alto cargo do Partido Popular nesa provincia) non é un cargo político neste momento, non é menos certo que se trata dun cargo público e de enorme dimensión social.

A Real Federación Española de Fútbol recoñece as federacións de ámbito autonómico as funcións de promover, ordenar e dirixir o fútbol, dentro do seu ámbito territorial, mediante o exercicio das facultades propias e das expresamente delegadas pola RFEF.

Neste senso a Federación Galega ten atribuído a organización da Terceira División Nacional e todas as competicións federadas de fútbol e fútbol sala de ámbito autonómico galego.

Así mesmo a Federación Galega de Fútbol resulta ser un axente colaborador da Administración autonómica e dinamizador da actividade deportiva na nosa Comunidade Autónoma coa que ten asinado, no marco da promoción do deporte galego, distintos convenios de natureza económica sufragados con fondos públicos.

A Xunta de Galicia, pola súa banda, ten competencias en materia deportiva ao abeiro do disposto na Lei 3/12, de 2 de abril do deporte de Galicia.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai adoptar o Goberno galego algunha medida para forzar a saída do Sr. Louzán da Presidencia da Federación Galega de Fútbol?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/02/2021 10:25:45**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**Julio Torrado Quintela na data 08/02/2021 10:25:54**

**Paloma Castro Rey na data 08/02/2021 10:26:01**

**Pablo Arangüena Fernández na data 08/02/2021 10:26:09**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Juan Carlos Francisco Rivera, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A recente sentencia condenatoria por prevaricación e fraude contra Luisa Piñeira, ex alcaldesa de Moraña polo Partido Popular e nomeada delegada da Xunta de Galicia na provincia de Pontevedra, e contra Rafael Louzán, quen foi presidente do Partido Popular provincial e presidente da Deputación de Pontevedra, supón a constatación dun sistema de funcionamento opaco e ilegal dende as institucións operado por responsables do Partido Popular.

Esta sentencia recolle o proceso da creación de “sistemas artificiosos, en fraude de lei” para incrementar partidas de diñeiro público para engrosar facturas de obras xa realizadas. A implicación da delegada da Xunta na provincia de Pontevedra ten que ver coa súa participación como alcaldesa de Moraña, onde a realización destas obras no campo de fútbol foi evidenciado en fraude.

Dentro da exemplaridade que permite ofrecer unha sentencia como esta, debemos situar tamén o foco na actuación doutras administracións, tratando de esclarecer calquera posible dúbida para contribuír a despexar sospeitas e ofrecer visións transparentes.

O caso descrito sobre o procedemento fraudulento no que colaboraron Louzán e Piñeiro, do Partido Popular, ten que ver con instalacións deportivas e de ocio sitas nese concello de Mirallos, que contaron con publicitados investimentos de diversas institucións e, especialmente, de departamentos da Xunta de Galicia.

En xaneiro de 2019 o Concello de Moraña anunciaba un investimento estimado de 452.000 euros para a construcción dun edificio auxiliar ao campo de fútbol, con ximnasio na planta baixa e cafetería acristalada con mirador ao campo de fútbol na parte superior. Anunciábase tamén a mellora das gradas e dos vestiarios, a mellora do sistema de riego no campo así como a construcción dunha pista para corredores ao redor do campo (*El campo de fútbol de Mirallos será modernizado con un gimnasio*. Faro de Vigo, 25 de xaneiro de 2019)

No mes de xuño dese mesmo 2019 foi feito público un acordo, asinado a tres



bandas entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda coa Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Moraña. Neste acordo, que se publicitaba por un valor de medio millón de euros anunciábanse a reforma da instalación deportiva e a mellora dos accesos dende o entorno (*Medio millón de euros para la mejora y ampliación del campo de fútbol de Moraña. Pontevedra Viva, 18 de xuño de 2019; Inicio inminente para la remodelación integral del campo de fútbol de Mirallos, en Moaña. Pontevedra Viva, 9 de xullo de 2020*)

Coa substitución de Luisa Piñeiro na alcaldía de Moraña, o seu relevo foi tomado por José Cela que, nunha entrevista antes de producirse formalmente ese cambio, anunciaba entre as súas prioridades unha mellora do campo de fútbol referido, citando que “vaise facer unha reforma profunda” (*Entrevista a José Cela. Diario de Pontevedra, 30 de septiembre de 2020*).

Os orzamentos da Xunta de Galicia para 2021 inclúen, entre as partidas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda unha partida de 359.811 euros (*partida 08.04.521A.6071 Equipamento ocio Mirallos. Moraña*) con destino, tamén, a melloras non concretadas desta mesma instalación.

Os investimentos anunciados e publicitados, sinalados con anterioridade, atópanse na suma de 1,4 millóns de euros. Ante tal coincidencia e sucesión de investimentos e anuncios sobre a mesma infraestrutura, sinalada agora por ser obxecto de procedementos polos que foron condenados Louzán e Piñeiro por prevaricación e fraude, parece preciso aclarar que todas as decisións e partidas están plenamente xustificadas e non existe ningunha dúbida sobre a limpeza dos procesos. Con isto contribuirase a despexar calquera dúbida sobre a actuación das diferentes administracións e poder así dar unha boa imaxe da actuación institucional e que non sexa manchada polas actuacións irresponsables e inaceptables dos dirixentes condenados.



Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pode garantir o Goberno da Xunta de Galicia que todas as operacións e investimentos anunciados foron executados con transparencia e debidamente xustificados?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 08/02/2021 10:27:13**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/02/2021 10:27:19**

**Paloma Castro Rey na data 08/02/2021 10:27:27**

**Pablo Arangüena Fernández na data 08/02/2021 10:27:34**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a tomar para garantir o servizo de transporte metropolitano nas parroquias de Ortoño, Bugallido e Biduído no Concello de Ames.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa chegada dos novos convenios e contratos no eido do transporte colectivo, son moitas as eivas e as problemáticas que se atopa a sociedade galega á hora de facer uso do servizo de transporte.

O transporte colectivo é un servizo básico e fundamental que debería vertebrar o noso país dun xeito máis sostíbel e rendíbel que coa utilización do transporte privado.

Foron moitas as incidencias ocorridas coa implantación do novo convenio o 23 de decembro. A veciñanza das parroquias afectadas viron eliminada a súa liña de transporte da noite para a mañá, sen existir unha alternativa formulada polas administracións competentes, e deixando sen servizo a unha liña que viña operando por 50 anos, sendo unha liña de grande demanda e soportando unhas 140 usuarias ao días.

Esta liña correspondía ao servizo de transporte urbano do Concello de Santiago de Compostela, financiada pola Xunta de Galiza e na que a veciñanza podía utilizar a tarxeta do Transporte Metropolitano de Galiza, accedendo así ás bonificacións da mesma.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O Concello de Ames presentou, por varias veces, alegacións ao Plan de Transporte Metropolitano, no seu proceso de exposición pública no ano 2017, pedindo a inclusión desta liña no plan, ademais de diferentes melloras no servizo. A Xunta de Galiza rexeitou estas alegacións e tampouco proporcionou ningún tipo de alternativa á veciñanza afectada pola eliminación da liña P2 que afecta ás parroquias de Ortoño, Bugallido e Biduído na súa conexión con Santiago.

O día 28 de xaneiro, a corporación municipal do Concello de Ames, aprobaba por unanimidade, unha moción presentada polo equipo de goberno e consensuada coas diferentes asociacións de veciños afectadas, instando á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias no transporte metropolitano ante a desaparición da liña urbana de Santiago que daba servizo ás parroquias de Ortoño, Bugallido e Biduído, as parroquias más poboadas do Concello de Ames.

O servizo de transporte metropolitano é un servizo vital para as localidades próximas ás cidades galegas, xa sexa por motivos laborais, de estudos, administrativos etc, é un servizo moi utilizado pola poboación, e en ningún caso pode ser suprimido sen que as diferentes administracións aporten unha solución.

Dende o BNG entendemos que debe ser a Xunta de Galiza quen aporte unha solución a esta problemática mediante unha modificación no Plan de Transporte Metropolitano, tal e como facultan os propios pregos administrativos no punto 7, e que se cree unha nova liña que veña a revertir a situación que se vive no Concello de Ames con esta supresión.

Entendemos, esta liña de acción como prioritaria, para que a veciñanza das parroquias afectadas poidan fazer uso dos descontos que o transporte metropolitano ten sobre o transporte urbano da cidade de Santiago, e que a mocidade de Ames poida





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

beneficiarse da gratuidade do servizo coa tarxeta “Xente Nova”, a cal consideramos insuficiente en canto á cobertura na idade.

Por estes motivos formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir un servizo de transporte colectivo de calidade ante a eliminación da liña que conecta as parroquias de Ortoño, Bugallido e Biduído, no Concello de Ames, con Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

**Iria Carreira Pazos**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 08/02/2021 13:07:20**

**Iria Carreira Pazos na data 08/02/2021 13:07:23**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2021 13:07:34



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En declaracións recollidas na páxina oficial da Xunta de Galicia a directora xeral de Formación e Colocación da Xunta de Galicia facía unha valoración dos datos do paro rexistrado en Galicia no mes de Xaneiro de 2021 do seguinte tenor literal:

“Galicia, pese os efectos que a pandemia está causando no mercado laboral, iniciou o ano cunha baixada do paro do 1,90 % (-3.603 persoas) e cun aumento da contratación indefinida e a tempo completo con respecto a decembro de 2020. De feito, Galicia lidera a caída do paro no Estado na comparativa mensual e é unha das dúas comunidades, xunto con Baleares, nas que baixa o desemprego, mentres que en España crece (+1,96 %). En canto as afiliacións á Seguridade Social, a cifra sitúase a un nivel superior o reflexado fai dez anos (xaneiro 2011).

Na evolución mensual (comparativa xaneiro de 2021-decembro 2020), o desemprego descendeu por primeira vez en un mes de xaneiro desde 1996 e nas catro provincias, nas 7 grandes cidades, nos principais sectores económicos e nos colectivos prioritarios para a Xunta de Galicia: mulleres, menores de 30 años, maiores de 44 años e nos parados de longa duración.”

Considera este grupo parlamentario que cando se quere falar do emprego con rigor hai que contemplar como evoluciona a afiliación e o paro. Esquecer unha das dúas variables é facer demagogoxia e coa pandemia, non é decente.

Hai catro posibles situación no emprego nun mes:

- A mellor: que suba a afiliación e baxa o paro rexistrado.
- Menos boa: que suba a afiliación e suba o paro rexistrado.
- Mala: que baxe a afiliación e suba o paro rexistrado.
- A peor de todas: que baxe a afiliación e baxe o paro rexistrado.



Resulta que estamos diante do peor escenario que se pode dar, baixa a afiliación en 9.823 persoas e tamén baixa o paro en 3.603 persoas. É dicir que en Galicia desapareceron do mercado laboral 13.426 persoas. E a Xunta de Galicia saca peito por elo.

En referencia o acontecido pódense dar varias circunstancias. A primeira delas é que esas persoas colleran unhas maletas como as que Feijóo regalou aos mellores expedientes universitarios e estean fóra de Galicia.

Tamén pode ser que se intercambien demandantes non ocupados e parados rexistrados, unha práctica que xa se fixo con anterioridade pola Consellería de Emprego.

O que temos claro e que estamos diante do peor dato que se pode dar o caer o volume de persoas que poden sacar este país adiante.

Esta circunstancia supón unha anomalía que se ten producido oito veces dende 2004, ningunha cunha perda superior a 6.000 persoas, agás este mes, que ten unha perda de 13.426 persoas activas, dobrando o volume da anterior que foi de 5.871 persoas no mes de decembro de 2017.

Os datos sinalan que en termos interanuais o desemprego aumenta en 18.229 persoas, o 10,9 % máis, en Galicia. As cifras falan por si mesmas, 185.984 desempregados/as.

En termos estruturais as mulleres seguen a representar nada menos que o 56,6 % do total de desemprego en Galicia, afectando a un total de 105.305 mulleres en Galicia fronte a 80.679 homes.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego de que a pesares de que en termos interanuais a perda de afiliación anual en Galicia foi de 18.229 persoas, a directora xeral de Formación e Colocación valore positivamente os datos de desemprego?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2021



**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/02/2021 13:12:37**

**Marina Ortega Otero na data 08/02/2021 13:12:47**

**Julio Torrado Quintela na data 08/02/2021 13:12:56**

## A Mesa do Parlamento

**Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo e Marta Nóvoa Iglesias,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para o súa resposta oral en Pleno.**

O pasado 1 de febreiro o Diario Oficial de Galicia publicou o Decreto 238/2020, do 29 de decembro polo que se aproban as Directrices da Paisaxe de Galicia, que entrarán en vigor o próximo 20 de febreiro.

Grazas ao exhaustivo traballo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e dun importante esforzo na procura do máis amplio consenso posible, as Directrices da Paisaxe de Galicia van máis aló no camiño que emprendeu o Goberno da Xunta hai máis dunha década para protexer as paisaxes, que non só nos identifican senón que tamén definen e distinguen á nosa sociedade.

O Grupo Parlamentario Popular é plenamente consciente da necesidade de contar cun marco normativo que asegure unha idónea protección, xestión e ordenación das paisaxes galegas, axudando a compatibilizar a conservación e mellora da paisaxe co desenvolvemento económico de Galicia, así como tamén cun urbanismo responsable. Un traballo que non é exclusivo das administracións públicas, senón que tamén require da conciencia cidadá.

Tendo en conta o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:



Cales son as ferramentas que as Directrices da Paisaxe de Galicia pon a disposición das Administracións públicas e cidadáns para facilitar o uso e aproveitamento do noso territorio e a preservación da paisaxe galega?

Santiago de Compostela, 8 de febrero de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**María Sol Díaz Mouteira na data 08/02/2021 14:11:29**

**José Manuel Balseiro Orol na data 08/02/2021 14:11:46**

**Ramón Carballo Páez na data 08/02/2021 14:12:00**

**Diego Calvo Pouso na data 08/02/2021 14:12:19**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 08/02/2021 14:12:35**

**Carmen María Pomar Tojo na data 08/02/2021 14:12:46**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 08/02/2021 14:13:00**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en demanda dun Estudo de Impacto ambiental conxunto dos seis parques eólicos que se prevén construír no Monte do Gato que garanta a conservación e posta en valor da Necrópole Megalítica do Monte do Gato.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Monte do Gato, nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós, está prevista a construcción de 6 parques eólicos - P.E. Felga, P. E. Gato, P. E. Penas Boas, P. E. Feás, P. E. Seselle e P. E. Fontella – cun total de 40 aeroxeneradores. O Monte do Gato está incluído dentro das áreas de desenvolvemento eólico do Pico Felga e do Monte do Gato recollidas no Plan sectorial eólico de Galiza.

Catro destes proxectos de Parque Eólico pasaron recentemente a exposición pública dos seus estudos de impacto ambiental (EIA), concretamente o P. E. Felga que promove Greenalia, e os Parques Seselle, Feás e Fontella que promove Galenergy. Desde o BNG presentamos alegacións a estes proxectos nos que botamos en falta un estudo de conxunto do impacto destes 40 aeroxeneradores nunha área de menos de 5 quilómetros. Os impactos ambientais estúdanse por separado, e nos casos dos tres parques de Galenergy nin sequera se recollen os outros 3 parques de Greenalia que se prevé construír na zona.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A fragmentación dun Parque Eólico é unha práctica fraudulenta cando se presenta un Estudo de Impacto Ambiental individual de cada un dos proxectos fragmentados, evitando unha avaliación global de todo o proxecto e das garantías esixibles, como recolle a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso, Sede A Coruña, Sección 3, data 09/11/2020, Nº de Recurso 7134/2019, Nº de Resolución: 254/2020.

Ademais no Monte do Gato atópase unha gran necrópole megalítica formada por 17 mámoas catalogadas e dous petróglifos. Se ben, esta necrópole, que foi sinalizada no seu día, se atopa nunha situación de evidente abandono por parte das administracións que teñen a competencia sobre patrimonio e que teñen a obriga legal da súa conservación e posta en valor, nomeadamente da propia Xunta de Galiza, que ten a competencia exclusiva sobre o Patrimonio en Galiza, trátase dun importante ben patrimonial que é necesario conservar e poñer en valor.

Segundo puidemos ver nos medios de comunicación nas pasadas semanas na zona onde se prevé a instalación dun dos aeroxeneradores do Parque Felga, existen dúas mámoas non catalogadas e sempre segundo información dos medios, despois da denuncia dunha veciña da zona, isto vai obrigar a repetir o estudo arqueolóxico para este parque en concreto.

Ademais, 9 dos aeroxeneradores do Parque Eólico Fontella atópanse dentro da zona núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas e Terras do Mandeo e afecta ademais, segundo o propio Estudo de Impacto Ambiental, a un hábitat de interese comunitario.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o goberno da Xunta de Galiza demandar un Estudo de Impacto ambiental conxunto dos seis parques eólicos que se prevén construír no Monte do Gato e garantir a conservación e posta en valor da Necrópole Megalítica do Monte do Gato?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

**Asdo.: Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 08/02/2021 16:34:56**

**Daniel Castro García na data 08/02/2021 16:35:08**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/02/2021 16:35:17**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de avaliar a execución e os resultados do Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 12 de febreiro de 2015 o Consello da Xunta aprobou o Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 coa previsión de destinar un investimento directo por parte da Administración Pública dun total de 307 millóns de euros. Cunha media de 51 millóns de euros por anualidade, esta previsión orzamentaria supuña a consolidación dos recortes orzamentarios aplicados en materia de vivenda polo goberno de Feijóo dende o ano 2010, e que contrastan cos 201 millóns de euros destinados nos orzamentos para o ano 2009 ás políticas de vivenda.

Deixando a un lado as discrepancias que existen entre o goberno do PP e o noso grupo sobre a falta de ambición dese Plan Rehavita, que se reflicten na baixa porcentaxe de inversión dedicada ás políticas de vivenda e o deseño concreto das medidas contidas no Plan; é necesario elaborar unha avaliación da execución e resultados das propostas. A finalización da Plan Rehavita no pasado 2020 esixe,





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

neste momento de impás no que se vai implementar un novo plan, elaborar unha avaliación sobre o alcance real das inversíons programadas pola propia Xunta e do grao de consecución de obxectivos anunciados.

Dos 307 millóns de euros totais previstos, o Plan Rehavita definía o seguinte reparto: 107,5M€ destinados ao Eixo 1 Acceso á vivenda, 133,82 M€ destinados ao Eixo 2 Rehabilitación de vivendas e renovación urbana, 63,60 M€ destinados ao Eixo 3 Prevención da exclusión residencial e 2,01 M€ ao Eixo 4 Outras medidas en materia de vivenda.

Ano tras ano puidemos comprobar como o orzamento destinado aos programas de vivenda se saldan con datos de execución orzamentaria moi baixos sen que a Consellería dea explicacións ao respecto. Por iso, neste momento no que remata a vixencia do Plan Rehavita e a Xunta debe abordar a elaboración dunha nova planificación, cremos que resulta imprescindible facer unha avaliación do cumprimento da inversión prevista e as causas das fortes variacións entre o orzamentado e a execución real, que permitan corrixir en futuros plans estas desviacións.

Por outra banda, en aras da transparencia e do bo governo debería ser a propia Xunta quen elaborase un documentos de avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos e das inversíons previstas no Plan Rehavita de forma detallada. Entendemos que a renovación do Programa esixe a elaboración dun informe que funcione en dous sentidos: como rendición de contas pública e como análise e punto de situación para a elaboración do novo Plan de vivenda.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia dos resultados do Plan RehaVIta, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 08/02/2021 17:30:42**

**Paulo Ríos Santomé na data 08/02/2021 17:30:46**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2021 17:30:52**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de avaliar a execución e os resultados do Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 12 de febreiro de 2015 o Consello da Xunta aprobou o Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 coa previsión de destinar un investimento directo por parte da Administración Pública dun total de 307 millóns de euros. Cunha media de 51 millóns de euros por anualidade, esta previsión orzamentaria supuña a consolidación dos recortes orzamentarios aplicados en materia de vivenda polo goberno de Feijóo dende o ano 2010, e que contrastan cos 201 millóns de euros destinados nos orzamentos para o ano 2009 ás políticas de vivenda.

Deixando a un lado as discrepancias que existen entre o goberno do PP e o noso grupo sobre a falta de ambición dese Plan Rehavita, que se reflicten na baixa porcentaxe de inversión dedicada ás políticas de vivenda e o deseño concreto das medidas contidas no Plan; é necesario elaborar unha avaliación da execución e resultados das propostas. A finalización da Plan Rehavita no pasado 2020 esixe,





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

neste momento de impás no que se vai implementar un novo plan, elaborar unha avaliación sobre o alcance real das inversíons programadas pola propia Xunta e do grao de consecución de obxectivos anunciados.

Dos 307 millóns de euros totais previstos, o Plan Rehavita definía o seguinte reparto: 107,5M€ destinados ao Eixo 1 Acceso á vivenda, 133,82 M€ destinados ao Eixo 2 Rehabilitación de vivendas e renovación urbana, 63,60 M€ destinados ao Eixo 3 Prevención da exclusión residencial e 2,01 M€ ao Eixo 4 Outras medidas en materia de vivenda.

Ano tras ano puidemos comprobar como o orzamento destinado aos programas de vivenda se saldan con datos de execución orzamentaria moi baixos sen que a Consellería dea explicacións ao respecto. Por iso, neste momento no que remata a vixencia do Plan Rehavita e a Xunta debe abordar a elaboración dunha nova planificación, cremos que resulta imprescindible facer unha avaliación do cumprimento da inversión prevista e as causas das fortes variacións entre o orzamentado e a execución real, que permitan corrixir en futuros plans estas desviacións.

Por outra banda, en aras da transparencia e do bo governo debería ser a propia Xunta quen elaborase un documentos de avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos e das inversíons previstas no Plan Rehavita de forma detallada. Entendemos que a renovación do Programa esixe a elaboración dun informe que funcione en dous sentidos: como rendición de contas pública e como análise e punto de situación para a elaboración do novo Plan de vivenda.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do grao de execución real de cada un dos eixos de actuación recollidos no Plan RehaVIta, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2021 17:31:44**

**Paulo Ríos Santomé na data 08/02/2021 17:31:49**

**Alexandra Fernández Gómez na data 08/02/2021 17:31:55**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de avaliar a execución e os resultados do Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 12 de febreiro de 2015 o Consello da Xunta aprobou o Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 coa previsión de destinar un investimento directo por parte da Administración Pública dun total de 307 millóns de euros. Cunha media de 51 millóns de euros por anualidade, esta previsión orzamentaria supuña a consolidación dos recortes orzamentarios aplicados en materia de vivenda polo goberno de Feijóo dende o ano 2010, e que contrastan cos 201 millóns de euros destinados nos orzamentos para o ano 2009 ás políticas de vivenda.

Deixando a un lado as discrepancias que existen entre o goberno do PP e o noso grupo sobre a falta de ambición dese Plan Rehavita, que se reflicten na baixa porcentaxe de inversión dedicada ás políticas de vivenda e o deseño concreto das medidas contidas no Plan; é necesario elaborar unha avaliación da execución e resultados das propostas. A finalización da Plan Rehavita no pasado 2020 esixe,





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

neste momento de impás no que se vai implementar un novo plan, elaborar unha avaliación sobre o alcance real das inversíons programadas pola propia Xunta e do grao de consecución de obxectivos anunciados.

Dos 307 millóns de euros totais previstos, o Plan Rehavita definía o seguinte reparto: 107,5M€ destinados ao Eixo 1 Acceso á vivenda, 133,82 M€ destinados ao Eixo 2 Rehabilitación de vivendas e renovación urbana, 63,60 M€ destinados ao Eixo 3 Prevención da exclusión residencial e 2,01 M€ ao Eixo 4 Outras medidas en materia de vivenda.

Ano tras ano puidemos comprobar como o orzamento destinado aos programas de vivenda se saldan con datos de execución orzamentaria moi baixos sen que a Consellería dea explicacións ao respecto. Por iso, neste momento no que remata a vixencia do Plan Rehavita e a Xunta debe abordar a elaboración dunha nova planificación, cremos que resulta imprescindible facer unha avaliación do cumprimento da inversión prevista e as causas das fortes variacións entre o orzamentado e a execución real, que permitan corrixir en futuros plans estas desviacións.

Por outra banda, en aras da transparencia e do bo governo debería ser a propia Xunta quen elaborase un documentos de avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos e das inversíons previstas no Plan Rehavita de forma detallada. Entendemos que a renovación do Programa esixe a elaboración dun informe que funcione en dous sentidos: como rendición de contas pública e como análise e punto de situación para a elaboración do novo Plan de vivenda.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten o Goberno galego intención de elaborar un documento de avaliación e de rendición de contas do Plan RehaVIta, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 08/02/2021 17:32:54**

**Paulo Ríos Santomé na data 08/02/2021 17:33:02**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2021 17:33:07**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O hospital da Mariña, sito en Burela, é o hospital de referencia da zona norte da provincia de Lugo e atende a unha poboación de máis de 70.000 habitantes que se incrementa de xeito exponencial na época de vacacións.

No hospital da Mariña hai tres prazas de cardioloxía, non obstante a día de hoxe o hospital só conta cun único cardiólogo que só atende as urxencias, tal e como veñen de denunciar pacientes e a Plataforma Sanitaria da Mariña.

En setembro de 2020 un dos cardiólogos do hospital da Mariña solicitou unha excedencia, sen que a día de hoxe o Sergas cubrise esta vacante. A finais do ano 2020 o Sergas afirmaba que a atención na área de cardioloxía se atopaba garantida polo feito de que quedaban dous cardiólogos no hospital.

Dende hai 15 días, debido a una incapacidade temporal, tamén falta a segunda cardióloga que forma parte deste servizo, co que queda un único cardiólogo no servizo de cardioloxía no hospital da Mariña, que só atende urxencias.

A non cobertura destas prazas é unha mostra máis da degradación constante e do desmantelamento da sanidade pública na comarca da Mariña por parte da Xunta de Galicia.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:



Entende o Goberno galego que a atención no servizo de cardioloxía do hospital da Mariña se atopa garantida nestas condicións?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 08/02/2021 12:53:39**

**Julio Torrado Quintela na data 08/02/2021 12:53:51**

**Marina Ortega Otero na data 08/02/2021 12:54:02**



## Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A comarca do Sar, conformada polos concellos de Padrón, Dodro e Rois, non conta cun servizo esencial básico como é unha residencia para persoas maiores, un recurso asistencial necesario en zonas especialmente envellecidas como esta.

A Consellería de Política Social e o Concello de Padrón formalizaron en outubro de 2020 o convenio polo que a Xunta colaborará coa entidade local no financiamento da redacción do proxecto para a construción dunha residencia de maiores no municipio achegando a cantidade de 18.000 euros.

En principio, a residencia emprazarase nunha parcela de 6.000 metros cadrados que o Concello dispón na zona da antiga azucreira, en Iria-Flavia, e dará acubillo a 60 persoas, un número que se debería incrementar a, polo menos, 80 prazas, dada a gran demanda deste servizo na zona e por ser Padrón un concello capital de comarca cunha poboación, como en tantos lugares de Galicia, preocupantemente envellecida.

Ao Grupo Parlamentario Socialista preocúpalle a vacilación do alcalde do concello padronés ao respecto da xestión da residencia en diversas comparecencias públicas. Se en 2019 comezaba asegurando que sería “difícil” que a residencia fose pública e apostaba por un modelo mixto de uso, xa a mediados do ano 2020 el e mais a conselleira afirmaban que a xestión sería pública, concretamente municipal.

Á vista de todos os problemas e conflitos xurdidos na pandemia sobre a xestión privada ou mesmo mixta das residencias de maiores, entendemos que o Goberno galego debería asumir ou polo menos exercer unha exhaustiva tarefa de control sobre as residencias, e áínda máis sobre as de nova creación nas que dalgún xeito contribuí financeiramente.

Por outra banda, hai que esixir a cobertura xeográfica de todo o noso territorio con prazas públicas en residencias, que son as que garanten o acceso a este servizo de todas as persoas que o precisen.



Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego que en toda a comarca do Sar non exista ningunha residencia para persoas maiores?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 08/02/2021 14:04:12**

**Marina Ortega Otero na data 08/02/2021 14:04:27**

**Julio Torrado Quintela na data 08/02/2021 14:04:45**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións a realizar para evitar a creba da frota do palangre de superficie.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pleno do Parlamento galego acordou, en outubro pasado, “Instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno central e da Comisión Europea a análise de medidas de protección do marraxo dientuso que non leven ao quebranto económico da frota e que teña en conta todas as medidas de xestión sostíbel que as diferentes ORP e a UE teñen adoptado en favor desta especie”.

Daquela, a situación da frota galega de palangre de superficie xa era preocupante por mor de que o Ministerio de Transición Ecolólica (MITECO) impedíalle comercializar o marraxo almacenado e que capturara legalmente coa autorización do Ministerio de Pesca baixo as prescricións do ICCAT.

Hai que lembrar que o marraxo non ten oficialmente imposto TAC nin tampouco cotas, aínda que si determinadas limitacións e certos obstáculos ás transaccións comerciais.

A día de hoxe, continúa sen haber saída para o marraxo que está almacenado e capturado no 2020 e nin o propio ministro de Pesca, que visitou Galiza a mediados de





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

xaneiro, foi quen de aclarar nada nin de dar solución algúnhao respecto. E así o suma e segue prolongouse ata ben entrado o mes de xaneiro no que a frota áinda non coñecía cales serían as directrices para o 2021 mentres permanecía a pagar os altos custos de almacenamento das capturas sen comercializar do ano anterior.

120 buques galegos e más de 850 tripulantes recibiron a noticia por parte do MITECO da negativa a poder comercializar o marraxo almacenado e a comunicación de que o cupo para 2021 no Atlántico Norte será cero. Na práctica, esta decisión aboca ao estrago do peixe almacenado e, por outro lado, a poñer en cuestión a continuidade e viabilidade de parte da frota palangreira galega que neste momento está xa a falar claramente de despecies e abandono da actividade.

Un cupo cero que foi proposto polo MITECO como autoridade científica CITES española ao grupo de revisión científica da Unión Europea (GRC), obviando o seu propio informe científico de comezos de 2020 (DENP para 2020), que concluía que para evitar a sobrepesca a frota do Estado español non debía superar o volume de capturas de 350 toneladas, e tendo en conta únicamente criterios de sostibilidade ambiental sen procurar tamén a económica e a social dunha frota que se somete a rigorosos controis e colabora coa comunidade científica dende hai moitos anos, que cumple coa normativa vixente en canto ao rexistro das súas capturas e posterior transmisión electrónica dos datos da súa actividade pesqueira mediante o diario electrónico de a bordo (DEA), que conta con cámaras a bordo e con todos os demais elementos que se lle exixen e que, polo tanto, ven contribuíndo dende hai tempo á sostibilidade das pesquerías.

E así, diante da proposta do MITECO -Ministerio do Estado que, xunto con Portugal, realiza máis do 50% das capturas anuais de marraxo dientuso no stock do Atlántico Norte-, as autoridades científicas da UE coordinadas por CITES, elaboran unha proposta para a UE de cara a 2021 onde barallan dúas posibilidades: O





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

establecemento da cota cero ou permitir un volume de capturas de 295 toneladas para a Unión Europea. Finalmente, o moi activo papel do MITECO desembocou na decisión de restrinxir totalmente as capturas.

A opción do MITECO relativa ao establecemento dunha total prohibición da exportación do marraxo resulta absolutamente incomprendíbel pois, malia a evidente necesidade de establecer medidas de protección e conservación da especie que garantan a súa recuperación, os expertos consideraban que a redución das capturas permitiría igualmente a consecución dese obxectivo e, ademais, dariase cobertura ás capturas accidentais nas pesquerías doutras especies e evitaríase devolver os exemplares morto ao mar.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai implementar a Xunta de Galiza no futuro inmediato para evitar a crítica situación na que se atopa a frota galega de palangre de superficie por mor da prohibición da comercialización do marraxo almacenado e da imposición do cupo cero de capturas para 2021?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**  
**Carme González Iglesias**  
**Daniel Castro García**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 09/02/2021 09:36:40**

**María do Carme González Iglesias na data 09/02/2021 09:36:47**

**Daniel Castro García na data 09/02/2021 09:36:53**

## Á Mesa do Parlamento

**Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Súarez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno.**

Galicia conta co sistema educativo máis equitativo e inclusivo de España; o 92,7% do alumnado con NEE está integrado en centros ordinarios.

Nesta liña, a Xunta de Galicia, través do grupo de inclusión do Comité Educativo está traballando no desenvolvemento do Plan de ensino virtual para favorecer a inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade mantén ademais un estreito contacto coas asociacións de atención á diversidade, para avanzar na mellora de novas medidas para alumnado con Necesidades Especiais.

O resultado deste traballo conxunto enmárcase no Plan de Atención ao Alumnado Vulnerable, no que se recollen as pautas de actuación a poñer en marcha ante a covid. É dicir, establécese unha organización ordenada de recursos humanos e didácticos para a mellor atención a estes alumnos no hipotético caso de que a dinámica epidemiolóxica requirira pasar a un ensino non presencial nalgún momento.

O obxectivo é facer un seguimento especial deste alumnado, dotándoo dos recursos e apoios necesarios para que o seu proceso educativo se realice en igualdade de condicións que os seus compañeiros e atendendo ás súas circunstancias particulares

Este Plan de Atención ao Alumnado Vulnerable busca reforzar o Plan de ensino virtual ante a covid-19, aprobado o pasado trimestre, introducindo novas melloras a poñer en marcha con todos os recursos dispoñibles para incrementar a atención a este alumnado en calquera situación epidemiolóxica.



Por todo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulañan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cales son as liñas básicas que deben seguir os profesionais de atención á diversidade que a día de hoxe están prestando apoio nos centros escolares galegos?

Santiago de Compostela, a 9 de Febreiro 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 09/02/2021 09:39:25**

**Teresa Egerique Mosquera na data 09/02/2021 09:39:36**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 09/02/2021 09:39:46**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 09/02/2021 09:40:08**

**José Luis Ferro Iglesias na data 09/02/2021 09:40:27**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 09/02/2021 09:40:38**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 09/02/2021 09:40:54**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións a realizar debido á mortaldade de moluscos e perda de ingresos no sector marisqueiro das rías de Arousa e Pontevedra.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pasada semana varias praias da ría de Arousa e da ría de Pontevedra víronse gravemente afectadas polas intensas choivas que caeron sobre todo no litoral galego. Zonas como Rianxo, Carril, Vilagarcía, Pontevedra ou Poio quedaron considerabelmente danadas polos sucesivos temporais.

Todas as confrarías concernidas coinciden en subliñar que os grandes aportes de auga doce recibidos provocaron unha baixada importante da salinidade da auga do mar e, no referido ás de Arousa, sinálase directamente como contribución a esa baixa salinidade o exceso de auga doce procedente da presa de Portodemouros (Vila de Cruces e Arzúa). Una presa que carece de comportas e funciona cun sistema de rebose que xa ten causado problemas na ría noutras ocasións.

No caso das praias de Rianxo, a mortaldade cóntase por toneladas e, dende logo, supera con creces ao que incluso nun principio se estimaba, afectando sobre todo á cría de berberecho e comprometendo moi seriamente a campaña do vindeiro verán.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No caso de Carril e Vilagarcía, ademais da baixa salinidade, moito marisco foi arrastrado polos temporais e as perdas tamén son grandes no caso do berberecho, mais no caso da ameixa babosa son áinda maiores.

Aquí, a mortaldade dos últimos días veu a agudizar unha situación xa crítica dos recursos marisqueiros das concesións da agrupación de mariscadoras de Carril.

Este colectivo xa aturou unha sucesión de temporais no inverno de 2019 que danaron de moita consideración os bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla e da praia de Compostela-A Concha, producíndose xa daquela unha mortaldade altísima de berberecho, ameixa fina, babosa e xapónica.

A maiores, en outubro de 2020, os novos temporais converteron a situación en insostíbel pola acción combinada de acumulación de algas e o movemento dos fondos que orixinou un escalón a modo de muro ao longo de toda a praia.

A día de hoxe, as consecuencias destas reiteradas inclemencias en pouco tempo son un nivel de producción baixísimo e unha agrupación de 86 persoas que, despois de realizar un investimento de 80.000 euros de semente no banco de Compostela-A Concha, levan dende outubro paradas, moitas delas de baixa e moitas outras recorrendo aos servizos sociais para poder vivir.

Unha agrupación que, por esa acumulación de motivos, solicitou no seu día o cese de actividade á Consellaría do Mar por un período de seis meses nos dous bancos marisqueiros que explota para posibilitar e facilitar a recuperación dos mesmos e que obtivo un non por resposta, en contra do voto favorábel da maioría da propia agrupación. E diante da súa desesperada situación, a Consellaría tampouco tivo en conta o recurso de alzada que presentou abocándoa a acudir aos tribunais na procura dunha resolución ao conflito.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

E, por último, as confrarías de Lourizán, San Telmo e Raxó, na ría de Pontevedra, manteñen os seus bancos pechados pola grande mortaldade de ameixa xapónica tamén provocada pola baixa salinidade da auga que lles impide mariscar por mor de non mover o substrato e non crear máis problemas áinda. Aquí suspenderon o marisqueo de xeito temporal agardando as vindeiras mareas vivas e coa expectativa da recuperación do marisco.

A todo isto debemos sumar a problemática xeral que ten provocado a pandemia no relacionado coa comercialización deste tipo de produtos e a consecuente merma nos ingresos das mariscadoras e mariscadores.

A perda constante de recurso está a derivar nunha verdadeira situación de angustia para as e os profesionais do mar e neste contexto faise necesaria unha avaliación, un seguimento, unha análise das consecuencias da perda de recurso para o sector nas diferentes rías e unha toma de decisións áxiles que impidan que esta nova crise siga a ter repercusión nos ingresos dos mariscadores e mariscadoras.

Por estes motivos formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para fazer fronte á situación de mortaldade de moluscos e á previsíbel perda de ingresos do sector marisqueiro derivada do exceso de auga doce nas rías de Arousa e Pontevedra após os últimos temporais?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Rosana Pérez Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/02/2021 10:02:10**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/02/2021 10:02:13**

**Rosana Pérez Fernández na data 09/02/2021 10:02:21**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No contexto actual desta crise sanitaria, o turismo sanitario sae reforzado, xa que os e as turistas preocúpanse cada vez máis por buscar destinos que, ao mesmo tempo que un período de descanso e goce, poidan axudalos a contribuír a levar un estilo de vida saudable e preventiva. Estas características atópanse na nosa Comunidade Autónoma.

Os balnearios son unha interesante alternativa vacacional para desestacionalizar o turismo, que medraba a un ritmo sostido, antes desta crise sanitaria producida pola covid-19, e cuxa materia pendente é atraer turistas estranxeiros ás súas instalacións.

O turismo termal combina perfectamente con outros produtos como o turismo rural ou de natureza e intégrase na oferta turística de proximidade que actualmente é o que solicita o turista. Este turismo tamén pode potenciar as casa rurais e os hoteis.

A Xunta de Galicia debería utilizar o turismo termal como unha forma de desestacionalizar o turismo galego, para lograr unha distribución equilibrada de visitantes ao longo do ano e unha mellor distribución xeográfica en todo o territorio.

O Executivo autonómico ten que deseñar e planificar programas de axuste estacional con obxectivos a medio e longo prazo. E pode facelo a través do turismo termal.

A Consellería de Turismo debería fazer unha modificación orzamentaria e crear unha partida nos orzamentos deste ano para o desenvolvemento dun plan estratégico termal para as catro provincias, un eixo turístico fundamental para a provincia de Ourense, o turismo termal non pode quedar fora dos orzamentos da Xunta de Galicia, non se pode abandonar a nosa riqueza termal.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulañan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Vai elaborar a Xunta de Galicia un plan estratégico termal para cada unha das catro provincias e así, incentivar o turismo termal en cada provincia da nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Martín Seco García  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 09/02/2021 10:09:53**

**Martín Seco García na data 09/02/2021 10:10:00**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No contexto actual desta crise sanitaria, o turismo sanitario sae reforzado, xa que os e as turistas preocúpanse cada vez más por buscar destinos que, ao mesmo tempo que un período de descanso e goce, poidan axudalos a contribuír a levar un estilo de vida saudable e preventiva. Estas características atópanse na nosa Comunidade Autónoma.

Os balnearios son unha interesante alternativa vacacional para desestacionalizar o turismo, que medraba a un ritmo sostido, antes desta crise sanitaria producida pola covid-19, e cuxa materia pendente é atraer turistas estranxeiros ás súas instalacións.

A Xunta de Galicia debería utilizar o turismo termal como unha forma de desestacionalizar o turismo galego, para lograr unha distribución equilibrada de visitantes ao longo do ano e unha mellor distribución xeográfica en todo o territorio.

O Executivo autonómico ten que deseñar e planificar programas de axuste estacional con obxectivos a medio e longo prazo. E pode facelo a través do turismo termal.

O Plan Ourense Provincia Termal, aprobado no Consello da Xunta en xullo de 2014 rematou no 2020.

En Ourense fai falta un compromiso da Xunta de Galicia no ámbito do termalismo, están nunha situación que pode derivar en que a máxima riqueza que teñen na provincia caia no absoluto abandono se non hai un claro respaldo autonómico, por iso é necesario que a Xunta de Galicia se comprometa a poñer sobre a mesa investimentos reais no marco dun Plan Estratégico Termal para Ourense.

A Consellería de Turismo debería fazer unha modificación orzamentaria e crear unha partida nos orzamentos deste ano para o desenvolvemento dun Plan



Estratéxico Termal de Ourense, un eixo turístico fundamental para a provincia de Ourense, o turismo termal non pode quedar fora dos orzamentos da Xunta de Galicia, non se pode abandonar a nosa riqueza termal.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulañan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai elaborar a Xunta de Galicia un novo plan estratéxico termal para Ourense como eixo turístico fundamental da provincia?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Marina Ortega Otero  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Carmen Rodríguez Dacosta  
Martín Seco García

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 09/02/2021 10:14:53**

**Marina Ortega Otero na data 09/02/2021 10:14:58**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 09/02/2021 10:15:09**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/02/2021 10:15:19**

**Martín Seco García na data 09/02/2021 10:15:28**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O día 6 de marzo de 2019 o alcalde da Guarda, reuniuse coa conselleira do Mar e o presidente de Portos de Galicia, para trasladaralles a necesidade dunha infraestrutura que dea acceso e saída ao Porto da Guarda.

Nesta reunión o edil guardés indicoulles que grazas á colaboración da Deputación de Pontevedra, xa se conta cun proxecto para esta infraestrutura, cun orzamento que ascende a 2.415.892,22 €. O proxecto propón unha conexión entre o porto pesqueiro e a estrada PO-552, de circunvalación ao Monte Trega, polo sur do porto da Guarda, atravesando unha zona con moi escasa densidade de edificacións por terreos que na actualidade non teñen aproveitamento agrícola ou inmobiliario. A vía proposta consta dunha plataforma de 12,30 m de ancho que entre outros elementos terá unha zona rodada para vehículos de 6 m de ancho e unha senda peonil de 2,5 m. A intersección do novo acceso coa estrada PO-552 resólvese cunha rotunda.

Esta infraestrutura é fundamental para dar acceso ao porto da Guarda. Desde o Consistorio enténdese que ademais da pesca e da actividade das redeiras existen outras actividades, importantes para o tecido económico da vila. Os colectivos que amosaron máis interese por esta infraestrutura foron a Confraría e as redeiras, que empregan estes viais para o transporte de redes e marisco.

O 15 de xaneiro do 2020 representantes das asociacións guardesas, ORPAGU, Piueiro, Alagua e a Confraría de Pescadores, encabezados polo alcalde da Guarda tiveron outra reunión en Santiago coa conselleira do Mar e a presidenta de Portos de Galicia, para trasladarlle as demandas da cidadanía guardesa, en relación ao futuro do porto, expresadas a través das súas asociacións. Así mesmo o alcalde solicitou, unha vez máis, o apoio da conselleira para a construción do vial de acceso sur ao porto.



O pasado 23 de xullo de 2020 o alcalde da Guarda, mantivo unha reunión en Santiago de Compostela coa presidenta do ente público Portos de Galicia.

Nesta reunión trataron, outra vez, do acceso sur ao Porto da Guarda. O alcalde entregou o proxecto xunto con informes sectoriais dos que dispón e volveu solicitar á presidenta a participación de Portos para sacar adiante esta obra, necesaria para o normal desenvolvemento da actividade portuaria. O proxecto desta infraestrutura foi redactado na anterior lexislatura pola Deputación Provincial de Pontevedra e na actualidade está pendente dos informes sectoriais e correccións propostas.

A actividade pesqueira e marisqueira na Guarda non vai a ir a menos, a previsión é que no futuro aumente a actividade económica do porto dado as grandes posibilidades que ofrece tanto a nivel comercial como turístico. Por este motivo, en agosto de 2019 xurdiu na Guarda un movemento civil apoiado polas asociacións empresariais, culturais, deportivas e sociais, e polo propio concello, que ten como obxectivo conseguir melloras para o seu porto que permitan un uso máis intensivo do porto, tanto para profesionais como para uso náutico e deportivo, e que actúe como o motor económico da localidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulañan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai realizar a Consellería do Mar no primeiro semestre de 2021 a construción do vial de acceso sur ao porto da Guarda?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Julio Torrado Quintela  
Patricia Otero Rodríguez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 09/02/2021 11:00:22**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**Julio Torrado Quintela na data 09/02/2021 11:00:28**

**Patricia Otero Rodríguez na data 09/02/2021 11:00:34**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Na vila de Nigrán as beirarrúas de titularidade autonómica da PO-552 están totalmente abandonadas no seu tramo por Priegue e no seu tramo por A Ramallosa. Estas estradas necesitan a mellora urgente por parte da Xunta de Galicia.

O Goberno municipal de Nigrán intentou en múltiples ocasións que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade renovara estas beirarrúas nos seus diferentes tramos, sen ter ningunha resposta. Esta demanda lévase facendo ano tras ano.

O Concello solicitou varias veces a mellora dos tramos para seguridade e accesibilidade da veciñanza desta vila. Estas peticións xa foron trasladadas en varias ocasións. A última reclamación destas infraestruturas foi o pasado mes de novembro na xuntanza que mantiveron o alcalde e a delegada da Xunta de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladamos á Xunta de Galicia a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2021 estas emendas para dotar de novas beirarrúas a PO-552 ao seu paso por Priegue e A Ramallosa, ao atoparse en moi mal estado tras más de 30 anos de construcción das mesmas e sen ser reparadas. A realidade é que son totalmente inaccesibles, rotas, con tramos inexistentes e con elementos que entorpecen o paso de calquera cadeira de rodas ou carro de bebé.

Este problema está causando malestar entre a veciñanza que demanda unha solución ao problema. A Xunta de Galicia ten que arranxar esta beirarrúa de titularidade autonómica situadas no Concello de Nigrán para mellorar a mobilidade das veciñas e veciños desta vila.

Por todo isto esiximos dende o Grupo Parlamentario Socialista que se comecen as obras de renovación o antes posible na beirarrúa PO-552.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia realizar no primeiro semestre do ano a obra de renovación da beirarrúa PO-552 no seus tramos de Priegue e de A Ramallosa que permitiría mellorar a mobilidade e seguridade en Nigrán?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Patricia Otero Rodríguez  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 09/02/2021 11:03:34**

**Patricia Otero Rodríguez na data 09/02/2021 11:03:39**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/02/2021 11:03:51**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as citacións para a realización de cribados en Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo se informa os días 23 e 24 de xaneiro foron convocados polo Servicio Galego de Saúde 8.000 veciños e veciñas da cidade de Ourense para a realización de probas PCR ou de antíxenos para a detección de coronovirus en persoas asintomáticas. Resultou que da totalidade das 8.000 persoas supostamente citadas compareceron 5.119, o que representan a ausencia de máis dun 35% das convocadas.

Coa mesma finalidade o pasado fin de semana foron teoricamente citadas ás instalacións de Expourense 12.000 persoas das localidades de Ourense, Barbadás, O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas e Toén para a práctica de novas probas de detección de coronovirus. Nesta ocasión compareceron pouco máis de 7.000 das 12.000 persoas citadas, o que representa unha porcentaxe de ausencia superior á do cribado precedente.

A atención á convocatoria do Sergas resulta contraditoria coa actitude cidadá de escrupuloso e maioritario respecto que a cidadanía de Ourense está a manter coas limitacións á mobilidade que se están a ordenar dende a Xunta de Galiza, así como con toda instrución emanada da autoridade sanitade e/ou administrativa.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ao tempo, a evolución experimentada polo virus nas últimas semanas cun número de contaxios que case duplica ao existente ao inicio do ano; a cifra de pasamentos sufridos nas últimas semanas, que supoñen o 50% dos habidos en todo o ano 2020; fai dubidar que a falla de atención á citación fora debida á exclusiva vontade das convocadas.

Xa que logo o sistema de comunicación utilizado, o descoñecemento total das circunstancias persoais e de residencia efectiva da destinataria, así como a actualización do teléfono da destinataria, unido a imposibilidade de resposta inmediata que posibilitara advertir ao convocante dun eventual erro permiten deducir que poden ser estes os motivos de tan numerosas ausencias, e non atribuíble en ningún caso a unha falla de dilixencia cidadá ou a un desinterese pola saúde propia e dos próximos ou da colectividade, como se está a insinuar dende diferentes instancias.

Non resulta concebible que ante o resultado da primeira convocatoria se reproduzise a mesma empregando os mesmos sistemas e, xa que logo, incorrendo nas mesmas eivas e co mesmo resultado.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Entende o Goberno Galego que o sistema utilizado para as citacións para a realización de probas de detección de positivos asintomáticos na cidade de Ourense foi o máis axeitado e garantista á importante finalidade que se perseguía?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/02/2021 11:43:02**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/02/2021 11:43:07**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/02/2021 11:43:15**

**Iria Carreira Pazos na data 09/02/2021 11:43:22**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Fortalecer a atención primaria faise se cabe máis necesario na situación que estamos a atravesar derivada da pandemia xerada pola covid-19. Non obstante, estamos a ver que o Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia opta na provincia de Lugo polos peches de centros de saúde ou pola non cobertura das baixas dos profesionais sanitarios de atención primaria.

En xaneiro de 2020 o Sergas anunciaba que o centro de saúde de Burela tamén abriría e pasaríanse consultas polas tardes a partir do mes de febreiro, en horario de 14:00 a 21:00 horas de luns a venres e para iso contrataríanse tres novos profesionais: un médico de familia, un profesional de enfermería e unha persoa de servizos xerais.

Agora mesmo este servizo de atención médica na quenda de tarde reduciuse e só se presta de martes a xoves durante 3 horas. Trala baixa dun facultativo no horario de mañá cubriuse a quenda matinal a costa da vespertina.

Usuarios da cota médica da quenda de tarde do centro de saúde de Burela din non seren informados desta situación e lamentan a perda de citas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Ten intención o Goberno galego de recuperar de xeito urxente o servizo de atención médica que se viña prestando de luns a venres, en horario de 14:00 a 21:00 horas, no centro de saúde de Burela?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 09/02/2021 10:42:09**



**Julio Torrado Quintela na data 09/02/2021 10:42:24**

**Marina Ortega Otero na data 09/02/2021 10:42:34**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de dotar ao servizo de cardioloxía do Hospital da Mariña dos profesionais sanitarios necesarios para ofrecer unha atención de calidade.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos do mes de febreiro o persoal do Hospital da Mariña era coñecedor de que o servizo de cardioloxía quedaba case baleiro ao contar soamente con un profesional, que aínda por riba só atende urxencias. Mais esta problemática xa viña arrastrada desde hai tempo, xa que desde antes de setembro do 2020 o hospital contaba con tres profesionais que xa non eran capaces de atender as necesidades da comarca, levando a unha grande precariedade dos servizos sanitarios e xerando listas de agarda de até 2 anos para probas diagnósticas coma ecocardiogramas ou probas de esforzo. Esta situación tan preocupante xa se facía notar cando se contaba con tres especialistas en cardioloxía, un número que se vería reducido en setembro ao solicitar un dos profesionais unha excedencia, deixando unha praza libre que en ningún momento foi cuberta. Do mesmo xeito, como se dixo anteriormente, a comezos de febreiro fíxose saber que este servizo quedaría cun só facultativo debido a unha baixa transitoria da outra profesional coa que contaba cardioloxía, unha profesional que tamén se verá soa á súa volta debido a que o cardiólogo que está a traballar só a día de hoxe vai xubilarse en





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

pouco tempo, polo que esta situación de absoluta precariedade vai repetirse de novo dentro duns meses.

Por desgraza, este é só un dos múltiples déficits e eivas que presenta o Hospital da Mariña, un hospital que día a día está vendo reducidos os servizos e prestacións que lle pode ofrecer á sociedade mariñá, a pesar de contar coa xa famosa ampliación de infraestruturas, que na realidade non foi outra cousa que un aumento de metros cadrados cunha diminución da calidade da nosa sanidade pública.

Por todo isto e polo inmenso perigo que supón ter soamente un só cardiólogo para máis de setenta mil habitantes que ten a comarca da Mariña, formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galiza a dotar ao Hospital da Mariña con máis profesionais en cardioloxía que garantan os recursos humanos, materiais e tecnolóxicos e a atención ao paciente tanto en calidade como en proximidade?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 09/02/2021 12:17:34**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/02/2021 12:17:39**

**Iria Carreira Pazos na data 09/02/2021 12:17:52**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de crear unha praza estrutural de enfermeira/o especialista en - xinecoloxía (matrón/a) no centro de saúde de Foz.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asistencia sanitaria é un dos servizos básicos que máis valoran os cidadáns e cidadás en todos os estándares de calidade de vida. Por esta razón, desde o BNG non podemos entender a eiva histórica que sufre o concello de Foz no que atinxe aos servizos sanitarios, e dicimos isto porque, alén da perda da ambulancia nocturna, sumouse a perda das urxencias de tarde, a perda do TES da ambulancia medicalizada, a perda dunha praza de auxiliar de enfermería, a xa sistemática non cobertura das baixas, (ou coberturas parciais por medias xornadas durante meses), a non cobertura da redución de xornada do Servizo de Pediatría, a carencia sistemática de PSX para a atención nas citacións e un longo etcétera.

A esta inmensa lista de necesidades que presenta a sanidade focega hai que sumar a inexistencia dun ou dunha especialista en obstetricia – xinecoloxía. Esta é unha categoría profesional recoñecida que ten por riba das funcións que realizan na atención ao parto, outras que realizan na atención primaria e que son de enorme importancia para a saúde reprodutiva das mulleres, xa que se poden encargar de realizar citoloxías,





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

informar sobre métodos anticonceptivos, ser asesoras no climaterio ou coordinar esforzos para a detección do cancro de cérvix.

Desde o Bloque Nacionalista consideremos que a existencia dun ou dunha matrón/a é de especial necesidade porque son eles e elles as que teñen formación específica para atender a saúde reprodutiva das mulleres e son as que interveñen, aconsellan e axudan na saúde sexual, na prevención de lesións do chan pélvico, na menopausa ou na planificación familiar. Ademais, informan sobre técnicas de coidado dos bebés e da súa crianza, sendo fundamentais para que as mulleres teñan información e axuda coas súas lactancias.

A ausencia de matrón/a nun concello como o de Foz, cunha natalidade das más altas da provincia segundo os dados do Instituto Galego de Estatística, é indefendible e supón unha clara discriminación con respecto a outros concellos. Máis aínda se temos en conta que o Centro de Saúde de Foz tiña e ten espazo físico para esta figura, unha figura que nunca foi dotada.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galiza a crear unha praza de enfermeira/o especialista en obstetricia- xinecoloxía (Matrón/a) no Centro de Saúde de Foz?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 09/02/2021 13:45:30**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/02/2021 13:45:33**

**Daniel Castro García na data 09/02/2021 13:45:41**

## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O estado de abandono e desleixo no que se atopa a estrada PO-546, coñecida coma a estrada vella Pontevedra-Marín, non é algo novo.

Esta situación vén sendo denunciada polos veciños e veciñas afectados e polo Concello de Pontevedra durante anos, solicitando unha actuación inmediata por parte da Xunta de Galicia.

Pero esta actuación non chega, a única actuación que fixo a Xunta de Galicia nos últimos anos foi a limpeza e reparación dalgunhas marxes da estrada, tarefas que nada melloran o estado no que se atopa, nin reducen o risco de sinistralidade.

O estado no que se atopa esta estrada segue a ser lamentable, e isto entraña un grave risco xa que se trata dunha estrada que soporta o paso de máis de 200 camións de gran tonelaxe que entran e saen diariamente da empresa Ence, o que acelera o deterioro do firme, ao que se suma os problemas de seguridade viaria para a veciñanza, e as persoas usuarias, coma é o caso dos ciclistas.

Esta estrada é moi utilizada para la práctica do ciclismo, xa que na autovía de Marín esta prohibido este tipo de vehículo, obligando a este colectivo a ter que usar este firme, co estado no que se atopa e co perigo que supón.

A maiores é necesario o mantemento e limpeza destas beirarrúas, xa que no estado no que se atopan son susceptibles de provocar accidentes entre viandantes, entre os que se atopan moitos escolares.



E o acondicionamento e reposición da sinalización horizontal e vertical, medidas de calmado de tráfico o la instalación de pasos de peóns elevados.

A pesar desta situación o Goberno galego non inviste o mantemento desta infraestrutura.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulañan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia, no ano 2021, levar a cabo algún tipo de actuación na estrada PO-546?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey

Patricia Otero Rodríguez

Luís Manuel Álvarez Martínez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 09/02/2021 14:33:52**

**Patricia Otero Rodríguez na data 09/02/2021 14:33:59**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/02/2021 14:34:08**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



## Á Mesa do Parlamento

**Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Novea Iglesias, Encarna Amigo Díaz e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

O Diario Oficial de Galicia recollía o pasado 3 de febreiro unha nova orde de axudas para a renovación da flota de taxis de Galicia. As achegas están dirixidas á adquisición de vehículos adaptados a persoas con mobilidade reducida, os eurotaxis, e para taxis eléctricos e híbridos ou de gas.

O Goberno galego destina este ano 350.000 á concesión destas axudas coas que se pretende contribuír á modernización do sector. A iniciativa fundaméntase no convencemento de que uns taxis mellor preparados permitirán tamén a prestación dun servizo de maior calidade aos seus clientes e, ademais, contribuirá a reducir as emisións contaminantes.

O obxectivo último da medida é, en definitiva, facilitar a mobilidade das persoas coa menor contaminación posible, ao tempo que se presta axuda a un sector, o do taxi, que está a sufrir de modo especial as consecuencias derivadas das restricións de mobilidade por mor da pandemia da covid-19.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en pleno:

1. Cales son os detalles desa nova orde de axudas para a adquisición de taxis que vén de publicar a Xunta no Diario Oficial de Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2021

### Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreos, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



**Diego Calvo Pouso na data 09/02/2021 19:22:44**

**Carmen María Pomar Tojo na data 09/02/2021 19:22:58**

**Ramón Carballo Páez na data 09/02/2021 19:23:12**

**José Manuel Balseiro Orol na data 09/02/2021 19:23:33**

**María Sol Díaz Mouteira na data 09/02/2021 19:23:45**

**Marta Núvoa Iglesias na data 09/02/2021 19:24:02**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 09/02/2021 19:24:15**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a inclusión dos establecementos comerciais polo miúdo de produtos hixiénicos como actividade esencial na Orde pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos o peche de pequenos comercios en Galiza é unha sangría continua que non para, e esta sangría agravouse coa crise da Covid-19 co peche de 2 de cada 10 negocios, e a previsión do sector é que isto é só o principio. E os establecementos que non pechan están nunha situación crítica con ingresos escasos e insuficientes para a súa supervivencia

E fronte a isto a Xunta de Galiza improvisa medidas para fazer fronte á pandemia que prexudica a establecementos que en normativas anteriores eran considerados como actividade esencial, e que agora non están recollidos como tal na Orde do 26 de xaneiro de 2021, que establece as medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 en Galiza.

Este é o caso dos establecementos de comercio polo miúdo de produtos hixiénicos que deberían estar nos primeiros postos da lista das actividades esenciais





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

nunha situación de pandemia, na que as autoridades sanitarias insisten na importancia de extremar as medidas hixiénicas para evitar a Covid-19.

Mentres a orde reduce o horario de apertura destes establecementos, permite a apertura das grandes superficies que venden produtos similares aos que teñen estes establecementos, co que se produce unha situación de competencia desleal. E esta redución do horario mingua as súas ventas e como consecuencia os seus ingresos.

Estes establecementos a pesar de levar dende a publicación da orde tentando falar con “alguén”, na Xunta de Galiza, ao que explicarlle a súa situación e que poida solucionar o erro de non telos incluído como actividade esencial, non conseguiron mais que ser rebotados de consellería en consellería, sen poder falar con alguén que teña responsabilidades ou competencias no tema.

Dende o BNG entendemos que para loitar contra a Covid-19 son necesarias medidas que afectan a negocios e sectores económicos de Galiza, mais as medidas deben ser equitativas e lóxicas.

Por estos motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o Goberno galego corrixir de inmediato a Orde do 26 de xaneiro de 2021 engadindo na mesma, como actividade esencial, aos establecementos comerciais polo miúdo de produtos hixiénicos?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Carme González Iglesias**

**Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonzo**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme González Iglesias na data 10/02/2021 10:03:50**

**Daniel Pérez López na data 10/02/2021 10:03:54**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 10/02/2021 10:04:09**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a inclusión dos establecementos comerciais polo miúdo de produtos hixiénicos como actividade esencial na Orde pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos o peche de pequenos comercios en Galiza é unha sangría continua que non para, e esta sangría agravouse coa crise da Covid-19 co peche de 2 de cada 10 negocios, e a previsión do sector é que isto é só o principio. E os establecementos que non pechan están nunha situación crítica con ingresos escasos e insuficientes para a súa supervivencia

E fronte a isto a Xunta de Galiza improvisa medidas para fazer fronte á pandemia que prexudica a establecementos que en normativas anteriores eran considerados como actividade esencial, e que agora non están recollidos como tal na Orde do 26 de xaneiro de 2021, que establece as medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 en Galiza.

Este é o caso dos establecementos de comercio polo miúdo de produtos hixiénicos que deberían estar nos primeiros postos da lista das actividades esenciais





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

nunha situación de pandemia, na que as autoridades sanitarias insisten na importancia de extremar as medidas hixiénicas para evitar a Covid-19.

Mentres a orde reduce o horario de apertura destes establecementos, permite a apertura das grandes superficies que venden produtos similares aos que teñen estes establecementos, co que se produce unha situación de competencia desleal. E esta redución do horario mingua as súas ventas e como consecuencia os seus ingresos.

Estes establecementos a pesar de levar dende a publicación da orde tentando falar con “alguén”, na Xunta de Galiza, ao que explicarlle a súa situación e que poida solucionar o erro de non telos incluído como actividade esencial, non conseguiron mais que ser rebotados de consellería en consellería, sen poder falar con alguén que teña responsabilidades ou competencias no tema.

Dende o BNG entendemos que para loitar contra a Covid-19 son necesarias medidas que afectan a negocios e sectores económicos de Galiza, mais as medidas deben ser equitativas e lóxicas.

Por estos motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o Goberno galego habilitar un teléfono, de atención ás persoas autónomas e pemes galegas, para informar, aclarar dúvidas e solucionar problemas que lles poidan xurdir referente á covid-19?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Carme González Iglesias**

**Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonzo**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 10/02/2021 10:02:21**

**Daniel Pérez López na data 10/02/2021 10:02:26**

**María do Carme González Iglesias na data 10/02/2021 10:02:38**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a falta de maquinistas nos servizos ferroviarios.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente o profundo e progresivo desmantelamento que sufren os servizos ferroviarios en Galiza e, más concretamente, na zona de Ourense. As e os galegos sufren unha política ferroviaria irracional que non dá prioridade á vertebración do territorio nin corrixe agravios históricos como a falta dun servizo de tren digno que conecte as cidades e as grandes vilas galegas. Estas son as consecuencias de obedecer a un modelo de desenvolvemento do tren centralista, no lugar de primar a conexión interior de Galiza, que carece hoxe dun tren de proximidade como si ten Catalunya ou Cantabria. E son tamén as consecuencias da progresiva privatización dun servizo que debe ser público e axudar ao desenvolvemento económico, mais que baixo o paraugas da denominada "liberalización" e a axenda impulsada desde a Unión Europea non ten nos gobernos centrais ou galego unha folla de ruta para salvagardar a xestión pública dos ámbitos más esencias do servizo.

Este desmantelamento progresivo ten a súa parte máis visíbel nas liñas que son eliminadas ou alteradas. Neste sentido, é de salientar que o goberno central aproveitou a





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

crise da covid-19 para eliminar servizos que non foron áinda repostos. Nun momento no que a prevención sanitaria convidaría a aumentar o número de servizos e de vagóns, a política ferroviaria foi na dirección contraria. É o caso, por exemplo, do tren Avant das 06:45 que conectaba Ourense con Santiago de Compostela e A Coruña e doutras liñas que daban un importante servizo a outras vilas do país.

Mais o desmantelamento do servizo ten unha vertente fundamental na progresiva perda de persoal. Neste sentido, diferentes organizacións das e dos traballadores alertaron desta cuestión nos últimos tempos e 2021 comezou coa convocatoria de varias xornadas de folga. Esta cuestión é de extrema importancia, xa que unha parte importante do deterioro dos servizos ofrecidos corresponde en última instancia á falta de persoal, sobre todo de persoal para a conducción dos trens.

Os e as traballadoras do sector denuncian esta situación e inciden no aproveitamento da circunstancia da pandemia para afondar nesta folla de ruta. As actuacións do Grupo Renfe estanse encamiñando a impedir ou obstaculizar novas incorporacións que permitan cubrir as necesidades derivadas dos dereitos de conciliación, do cumprimento das recomendacións de xornada, da formación e da cobertura das baixas derivadas de situacións non previstas, xubilacións, falecementos e outras circunstancias. Así mesmo, o propio grupo está a incumplir o Plan de Emprego dos anos 2020 e 2021 que se recollen no II Convenio Colectivo do Grupo Renfe, publicado no BOE do 13 de xuño de 2019.

No momento de rexistrar esta iniciativa fontes do sector confirman que Galiza necesitaría incrementar o seu cadre de persoal de maquinistas en cando menos 21 prazas, das que cando menos 12 sería necesario localizar en Ourense. O número de axentes foi en descenso durante os últimos anos, véndose esta situación agravada desde finais de 2018. As sucesivas xubilacións do persoal que alcanzou a idade de xubilación





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

non foron repostas polas novas contratacóns nin por medio de traslados dende as distintas residencias que a empresa RENFE Vianeiros ten no Estado. Isto deriva en problemas importantes de organización laboral das e dos traballadores e ten tamén consecuencias no servizo, pois este Grupo Parlamentario ten constancia da supresión de trens pola falta de maquinista.

Por estes motivos formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai demandar a Xunta de Galiza a transferencia das competencias ferroviarias e outras medidas para corrixir a falta de cobertura de prazas de maquinistas de Galiza e, singularmente, de Ourense?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2021

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**María González Albert**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/02/2021 12:47:39**

**Paulo Ríos Santomé na data 10/02/2021 12:47:44**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/02/2021 12:47:50**

**María González Albert na data 10/02/2021 12:48:00**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/02/2021 12:48:16**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presa Bergantiños, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre á valoración da Xunta de Galiza das exportacións galegas e ao impacto da terceira vaga da pandemia.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As exportacións en Galiza veñen dependendo fundamentalmente do estado de saúde dos sectores do automóbil e do téxtil. Esta dependencia ten sido obxecto de preocupación e de análises. Por exemplo, xa no ano 2018 o informe anual do Consello Económico e Social sinalaba entre as súas recomendacións “O CES chama a atención sobre a necesidade de manter un crecemento equilibrado aumentando o peso das exportacións a través da mellora da nosa competitividade en sectores onde existe unha vantaxe competitiva e polo tanto un mellor posicionamento no exterior.” e sinalábase a alta concentración das exportacións. Na mesma liña, o informe do ano 2019 reafírmase na consolidación doutras características, como a importancia de Francia e Portugal como destinos.

O impacto da covid-19 ten unha importante influencia nos fluxos de exportación e importación e áinda que o impacto da pandemia en termos xerais é menor do que outros puntos do Estado, é necesario estarmos vixientes e a diversificación de sectores e de países segue sendo unha cuestión que debe preocupar ao goberno galego.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Recentemente coñécíanse os datos do Barómetro Exportador de Galiza. Neste estudo sinálase que o valor das exportacións de mercadorías mantense praticamente estable en comparación con novembro de 2019, mellores datos que os estatais. Así mesmo, sinala que Galiza se sitúa no 92,4 % con respecto ao último nivel anual previo á pandemia, dato que no conxunto do Estado se sitúa no 89,5 %. Como sector máis forte sinálase o da automoción, mais preocupa a evolución do sector téxtil, cun descenso interanual do 47,2 % atribuído á baixada de vendas do sector. Sinálanse así mesmo melloras no sector agroalimentario e baixada sen perspectiva de freo en ámbitos como o dos combustíbeis.

É importante que a Xunta de Galiza faga seguimento destas cuestións e que valore o impacto que nestes termos pode ter a terceira vaga da covid-19, de dimensión internacional como outros efectos económicos da pandemia. Así mesmo, é necesario unha valoración exhaustiva do resultado da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020 e impulsar un proceso participativo para arbitrar novas medidas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da afectación á economía galega da evolución das exportacións e o previsible impacto da terceira vaga da pandemia?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonzo**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/02/2021 15:53:36**

**Daniel Pérez López na data 10/02/2021 15:53:41**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 10/02/2021 15:53:50**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os criterios establecidos para a provisión dun posto de persoal directivo na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de decembro de 2020 o Diario Oficial de Galiza publicou o anuncio da convocatoria dun posto directivo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. O posto en cuestión era o de subdirector/a do AGADER para as Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural.

Máis aló do curioso da data da convocatoria da praza, varias cousas destacan no que ten a ver coa relación de requisitos e baremación dos mesmos establecidos na convocatoria sinalada en relación a outras similares nas que ás/os candidatos se lles esixe unha importante bagaxe de méritos profesionais e, como norma, unha relación laboral e formativa acreditada en relación ao posto de traballo que se pretende prover.

Todo o contrario acontece con esta praza que nos ocupa. Aquí, ademais de desaparecer o requisito de coñecemento da lingua galega que semella tería que ser preceptivo a un cargo destas características, aparecen cuestiós tan curiosas como a valoración de “titulacións diferentes ás esixidas na convocatoria” (até 4 puntos); a “asistencia a cursos”, sen esixir que sexan cursos homologados nin vinculados ao sector





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

(até 6 puntos) ou no que ten a ver coa experiencia valórase por exemplo a “docencia” (até un máximo de 15 puntos).

Tamén é rechamante o feito de que se reclamara un informe (favorábel) á Dirección Xeral de Función Pública para que o posto puidese ser cuberto por unha persoa que non teña a condición de funcionaria/o pública/o a pesares de que a priori non semella xustificado o carácter de excepcionalidade que sería preciso para que se pudera xustificar esta circunstancia.

Todas estas cuestiós e moitas outras facían prever que era un posto de traballo que estaba preadxudicado para colocar a unha persoa en concreto e agora, vendo a resolución o resultado da primeira e a segunda fases do proceso asistimos, por desgraza non con asombro, á confirmación de que ese era un posto con nome e apelidos desde o mesmo momento da convocatoria da vacante como a rumoroloxía aseguraba meses antes da propia publicación do DOG.

Xa que logo será o ex parlamentario do Partido Popular e expresidente da comisión 7ª, Moisés Blanco Paradelo, quen ocupará unha praza que, sendo de confianza, a todas luces debería ser ocupada, cando menos, por unha persoa con amplio coñecemento do sector e de acreditada solvencia e experiencia no mesmo. Moito máis se cabe se temos á conta o papel protagonista que o AGADER vai ter nesta lexislatura unha vez se aprueba a Lei de Recuperación de Terras Agrarias que a día de hoxe está en tramitación no Parlamento galego que lle dá á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural un importante aumento de funcións e responsabilidades.

Así, unha persoa que non pode acreditar ningunha experiencia na xestión de gasto público, nin en tramitación administrativa, nin no mundo do desenvolvemento rural, (pero si un coñecido currículo político) vai ocupar un cargo de vital importancia





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

dentro dunha Axencia que ten que aspirar a moito máis que a ser un chiringuito para a colocación de amigos.

Por estes motivos formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pode xustificar a Xunta de Galiza a elección dun deputado do Partido Popular para ocupar un posto de perfil técnico a través dunhas bases de convocatoria redactadas á súa medida?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2021

**Asdo.: María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 10/02/2021 16:58:33**

**María del Carmen Aira Díaz na data 10/02/2021 16:58:36**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/02/2021 16:58:48**

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A pandemia provocada pola covid está xerando unha situación absolutamente descoñecida a nivel social, pero tamén no propio sistema sanitario que trata de afrontar novos métodos e formatos para afrontar as necesidades asistenciais á vez que combate ao virus con toda a eficacia que é capaz.

Dentro destas afectacións ao propio sanitario está o eido da oncoloxía, no que a situación que vivimos está provocando graves problemas en diagnóstico que, segundo apuntan os profesionais, levarán a un agravamento global da situación nos vindeiros meses e anos e, tristemente, é posible que deriven nun aumento da mortalidade por causa desta enfermidade. Segundo apuntan estes mesmos profesionais, continuáronse os tratamentos en marcha, que non poderían ser interrompidos

Algúns estudos promovidos polas sociedades científicas apuntan a que no 2020, por causa da pandemia e as súas consecuencias sobre a asistencia sanitaria a patoloxías non-covid (non presencialidade, temor da poboación a acudir a revisións ordinarias, limitación dos recursos sanitarios para focalizar na pandemia...).

Ao fío disto, no fin do ano 2020 o Grupo Socialista presentou no Pleno do Parlamento de Galicia unha proposta para que se realizara dende o Sergas un estudio sobre o volume de diagnósticos oncolóxicos en 2020 en comparación con outros anos, e así poder traballar en base a datos certeiros sobre posibles melloras e axilización dos servizos correspondentes. Esta proposta, en todo caso, foi rexeitada cos votos en contra do Partido Popular, que non considerou a súa importancia.

Ante a continua e crecente chamada de atención de profesionais sobre o problema que a pandemia xerará sobre pacientes oncolóxicos, especialmente no caso daqueles que verán retrasado o seu diagnóstico e as consecuencias que iso trae, debe ser necesario traballar no sentido de reverter este problema en toda a intensidade que sexa posible.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulañan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera hoxe o Goberno da Xunta de Galicia que existiu un problema de déficit de diagnóstico de cancro en Galicia durante o ano 2020?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 10/02/2021 12:18:00**

**Marina Ortega Otero na data 10/02/2021 12:18:07**

## Á Mesa do Parlamento

**Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Martín Seco García**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A principios de 2019 Galicia contaba con 388 empresas industriais menos que no ano 2018, das que 268 tiñan menos de 10 persoas traballadoras e 120 eran de maior tamaño. Isto supón unha nova perda na dimensión dun sector que contaba no 2008 con 214.600 ocupados, fronte os 179.400 en 2019, e en termos de empresas industriais, de 15.089 a 12.347.

Despois da crise do 2008, coa recuperación non se conseguiu restaurar o tecido industrial perdido e a situación actual, coa crise sanitaria, non parece a máis propicia para acadar este obxectivo.

Doutra banda, nun sector como o industrial, a dimensión das empresas é fundamental para aproveitar as economías en escala e tamén para favorecer os procesos de innovación, dixitalización e internacionalización. De aí, que resulte alarmante que nos últimos once anos Galicia teña perdido 1.031 empresas de máis de 9 traballadores ; o que en termos porcentuais supón unha perda de 37,5 %.

A pequena dimensión das empresas industriais é a verdadeiro talón de Aquiles do sector e a tendencia que está seguindo a industria galega é a contraria da que en principio sería desexable. En 2019, o 86,1% do sector eran microempresas, cando no 2008 eran o 81,8 %.

Singularmente é no subsector da automoción, a pesar do seu bo comportamento en termos de exportacións especialmente impulsada por PSA, onde se perden, respecto do 2018, establecementos e empresas de compoñentes, por deslocalizacións e por un proceso de concentración en grandes multinacionais.

En definitiva, hai un menor peso do sector industrial en relación o PIB galego, desaparecen empresas e ademais as empresas galegas están menos dimensionadas.



Diante desta situación, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas vai adoptar o Goberno galego, nomeadamente o Instituto Galego de Promoción Económica, para impulsar os procesos de concentración e dimensionamento empresarial, de cara a que as empresas galegas gañen competitividade?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Martín Seco García  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 10/02/2021 17:08:20**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/02/2021 17:08:29**

**Martín Seco García na data 10/02/2021 17:08:42**

## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

As necesidades de actuacións nos centros educativos galegos son constantes, nuns casos para mellorar a adecuación das propias instalacións aos estándares mínimos esixibles e noutros para mellorar aspectos como a propia accesibilidade ou incrementar o confort da comunidade escolar.

A rede de centros públicos dedicados ás ensinanzas de Infantil e Primaria da nosa comunidade autónoma conta cunha antigüidade, na maioría dos casos, cunha media aproximada de 40 anos, o que fai necesario que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade deba proceder á reposición e as reformas integrais de centros.

Dentro dos orzamentos desta consellería existe o Programa 422A - Educación Infantil, Primaria e ESO que para o ano 2021 ten unha dotación de 2.500.000 € e a previsión de levar a cabo actuacións en 250 centros. Entre os obxectivos deste programa está paliar a situación de deterioro estrutural provocada polo uso e inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas actuais e ás normas vixentes.

No caso dos centros educativos do concello de Mos existen demandas dende hai anos para que se leven a cabo actuacións de mellora, que se poden concretar do seguinte xeito:

1. No caso do CEIP Mestre Valverde Mayo é necesario substituír os falsos teitos, xa que ao longo dos anos foron danados, constituindo agora mesmo unha das maiores preocupacións da dirección do centro.  
Por outra banda, este colexio ten un pequeno patio cuberto, solicitando os pais e nais unha ampliación da cuberta, xa que resulta claramente insuficiente, máxime nestes momentos nos que é preciso manter as distancias de seguridade. É necesario engadir que este patio non foi ampliado cando se fixo a ampliación do colexio.
2. Os profesores e a ANPA do CEIP Atín-Cela levan anos demandando a necesidade dun cambio na cuberta do patio. O material do mesmo é



amianto e expresan a necesidade de cambialo por outro tipo de material, ademais de cubrir a parte que falta ata a nova entrada. Temos que subliñar que esta é unha petición que ven de anos atrás.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Xunta de Galicia a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2021 as demandas ás que nos acabamos de referir, sendo rexeitadas estas emendas, o que supón que se perpetúen as deficiencias.

Son, en definitiva, pequenas actuacións ás que se podería dar resposta con pequenas inversións que terían cabida dentro deses 2.500.000 € aos que se fixo referencia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai acometer o Goberno galego, no primeiro semestre deste ano, as reformas demandadas polos centros educativos do concello de Mos?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
          Luís Manuel Álvarez Martínez  
          Noa Díaz Varela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 10/02/2021 17:46:18**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/02/2021 17:46:23**

**Noa Susana Díaz Varela na data 10/02/2021 17:46:32**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

As necesidades de actuacións nos centros educativos galegos son constantes, nuns casos para mellorar a adecuación das propias instalacións aos estándares mínimos esixibles e noutras para mellorar aspectos como a propia accesibilidade ou incrementar o confort da comunidade escolar.

A rede de centros públicos dedicados as ensinanzas de Infantil e Primaria da nosa comunidade autónoma conta cunha antigüidade, na maioría dos casos, cunha media aproximada de 40 anos, o que fai necesario que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade deba proceder á reposición e as reformas integrais de centros.

Dentro dos orzamentos desta consellería existe o Programa 422A - Educación Infantil, Primaria e ESO que para o ano 2021 ten unha dotación de 2.500.000 € e a previsión de levar a cabo actuacións en 250 centros. Entre os obxectivos deste programa está paliar a situación de deterioro estrutural provocada polo uso e inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas actuais e ás normas vixentes.

No caso dos centros educativos do concello de Baiona existen demandas dende hai anos para que se leven a cabo actuacións de mellora, que se poden concretar do seguinte xeito:

1. Dende o CEIP Fontes- Baíña veñen reclamando desde fai tempo varias reparacións no seu centro: o cambio do portalón de acceso ó colexio e a instalación dunha potabilizadora para o centro para garantir o consumo da auga, porque a que teñen non funciona ben.  
Outras reclamacións son colocar iluminación e pechar unha das fachadas do pavillón escolar e está pendente o arranxo da vivenda do conserxe
2. Desde o CEP Sabarís demándase o arranxo urgente da cuberta e o peche de fachadas do pavillón, xa que filtran auga.



3. No caso da EEI O Areal está pendente da inversión de 250.000 € dende fai anos para a ampliación e mellora do seu espazo.

Nestas reclamacións feitas por ANPAS e equipos directivos o Concello de Baiona estivo en permanente contacto con eles no último ano. A comunidade educativa está farta de promesas incumpridas por parte da Xunta de Galicia; estos centros son un claro exemplo da mala xestión do Goberno autonómico en materia educativa.

Son, en definitiva, pequenas actuacións ás que se podería dar resposta con pequenas inversíons que terían cabida dentro deses 2.500.000 € aos que se fixo referencia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai acometer a Xunta de Galicia, no primeiro semestre deste ano, as reformas demandadas polos centros educativos da vila de Baiona?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
          Luís Manuel Álvarez Martínez  
          Noa Díaz Varela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 10/02/2021 17:39:19**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/02/2021 17:39:26**

**Noa Susana Díaz Varela na data 10/02/2021 17:39:37**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a valoración que fai o Goberno galego do número de vivendas adxudicadas a través do Rexistru Único de Demandantes de Vivenda, durante o período de vixencia do Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación 2015-2020.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 12 de febreiro de 2015 o Consello da Xunta aprobou o Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020. No documento elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Instituto Galego de Vivenda e Solo, recóllese unha breve análise sobre a que entenden que é a principal problemática en materia de vivenda. Así, no capítulo III diagnostícanse cinco problemas principais en materia de vivenda, que van operar como o marco base que xustifica os eixos de actuación do Plan.

Sen entrar a valorar a acertado ou non da análise e das propostas feitas, entendemos que é necesario, no momento actual en que o Plan concluíu, avaliar cal foi o impacto das políticas programadas e valorar en que medida esas políticas serviron para corrixir aqueles problemas que o propio plan pretende solventar.

O primeiro problema, detectado no capítulo III, é o relativo ao elevado número de persoas que agardan, inscritos no Rexistru Único de Demandantes de Vivenda, a poder acceder á vivenda que oferta o Instituto Galego de Vivenda e Solo e que a finais





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de 2014, no momento en que se elabora o plan, cifrase en máis de 15.000 inscritos. O documento tamén salienta que esta cifra tan só recolle a cantidade de unidades familiares e que o número de persoas reais que agardan por vivenda pública pode roldar as 50.000. En base a este diagnóstico, o Plan fíxase como obxectivo dar resposta a este elevado número de demandantes, que ben polos seus baixos ingresos ou ben pola súa incapacidade de aforro, non poden acceder á vivenda libre. Para iso, propón impulsar distintos programas para aumentar o número da vivendas protexidas, para facilitar o acceso ao financiamento e de axudas que posibiliten o acceso en aluguer con rendas asumibles.

Pasados os cinco anos de aplicación e vixencia do Plan Rehavita, o número de inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda continúa asentado na mesma cifra, no entorno dos 15.000 demandantes. Por tanto, tras cinco anos de políticas, supuestamente orientadas a dar resposta ao “colapso” do Rexistro de Demandantes, a situación segue sendo de bloqueo ou de longos períodos de tempo aguardando por unha resposta do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Ante a evidencia do fracaso cremos que calquera solución a esta situación de colapso, require dun diagnóstico obxectivo das medidas que están a fallar.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do número de vivendas adxudicadas a través do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda, durante o período de vixencia do Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación 2015-2020?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2021

**Asdo.: Alexandra Fernández Gómez**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 10/02/2021 18:20:23**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/02/2021 18:20:26**



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O principio de transversalidade de xénero constitúe unha premisa básica na planificación e execución das políticas públicas que se están a levar a cabo polo Goberno galego, e polo tanto tamén é un dos principios retores do VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, que ten entre os seus fins impulsar e fortalecer a consideración da igualdade de xénero como un elemento transversal en todas as políticas e accións da administración pública galega, e que se define como un documento marco a partir do cal se trazan as actuacións concretas a realizar para conseguir unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Pero ademais, incardínase nos grandes desafíos aos que a comunidade autónoma de Galicia fixo fronte nos últimos anos, incluso cando nos tivemos que enfrentar a unha pandemia inimaxinable como a COVID-19, a fin de consolidar un modelo de desenvolvemento socioeconómico intelixente e sustentable, desafíos que o Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020 recolle como obxectivos de carácter transversal: o impulso da cultura da innovación; o fomento do emprendemento, a industrialización e a internacionalización; a dinamización demográfica e a cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural.

O VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 se configurou en tres grandes capítulos:

Un primeiro capítulo, que baixo o título de Integración do principio de igualdade nas políticas e accións do Goberno, reúne un total de 12 prioridades de actuación que representan o compromiso da Administración autonómica por consolidar e fortalecer as accións xa emprendidas para mellorar a gobernanza en prol da igualdade de xénero.

Un segundo capítulo, integrado por un total de cinco áreas estratéxicas para a igualdade que foron definidas e deseñadas como ámbitos de actuación estratéxica para seguir traballando en favor da eliminación das desigualdades entre mulleres e homes no horizonte 2020.



Estas áreas son:

- Área estratéxica 1: Igualdade na educación e nos valores.
- Área estratéxica 2: Igualdade na xestión dos traballos e dos tempos.
- Área estratéxica 3: Igualdade no emprego e innovación.
- Área estratéxica 4: Igualdade na participación e no liderado.
- Área estratéxica 5: Igualdade na calidade de vida.

E un terceiro capítulo, que aborda os obxectivos e medidas deseñados para a prevención e tratamiento da violencia de xénero, articulados en dúas áreas estratéxicas: Sensibilización e prevención e Intervención e integración. A relevancia que a loita contra a violencia de xénero ten para o Goberno galego fai que este Plan aborde nun capítulo independente a planificación para a intervención en materia de violencia contra mulleres durante os vindeiros anos.

O Plan é o resultado do traballo colaborativo dos distintos órganos directivos e entes públicos instrumentais da Xunta de Galicia, que materializando o principio da transversalidade de xénero e baixo outro dos principios orientadores do Plan, a cooperación e coordinación institucional, contribuíron coas súas achegas á elaboración deste instrumento para o seu desenvolvemento ao longo dos últimos catro anos.

Por todo isto, as deputadas e deputados asinantes formulañan a seguinte pregunta oral en pleno:

-Que valoración fai a Consellería de Emprego e Igualdade sobre o desenvolvemento do VII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020?

Santiago de Compostela, a 10 de Febreiro de 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 10/02/2021 18:55:35**

**María Corina Porro Martínez na data 10/02/2021 18:55:55**



**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/02/2021 18:56:07**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 10/02/2021 18:56:28**

**José Alberto Pazos Couñago na data 10/02/2021 18:56:43**

**Noelia Pérez López na data 10/02/2021 18:57:05**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 10/02/2021 18:57:20**

## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero, e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No ano 2006 o Goberno socialista crea a “*Ley de promoción de la autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia*”, máis coñecida coma “Lei de dependencia”. Trátase dunha lei que transforma unha realidade silenciada para dar solución aos coidados básicos da vida diaria en casos de persoas cunha dependencia. Tratouse dun dos piares más importantes dos avances na igualdade de oportunidades e nas políticas sociais da historia recente do noso país.

Lamentablemente nos anos de Goberno do Partido Popular no Estado, así coma nos últimos 11 anos na Xunta de Galicia, fixeron que esta lei sufrira recortes que a mudarían por completo. Os prazos que a lei establece son 3 meses para a resolución de grao e outros tres meses para a resolución do PIA, ou o que é o mesmo 180 días como máximo.

Ademais Galicia é a segunda comunidade autónoma que menos inviste por habitante de toda España e a que máis porcentaxe percibe por parte do Estado en canto a dependencia.

No últimos anos a partir do 2012 a chamada Lei de dependencia sufriu recortes a través do Estado e a Xunta de Galicia cando en ambos gobernos coincidía o Partido Popular. A libranza de coidados na contorna familiar principal axuda da Lei de dependencia ata entón, foi recortada polo Goberno do PP tanto nas contías económicas que xa estaban resoltas, coma na posibilidade de acceso á mesma por parte de novos expedientes. O recorte nesta axuda afectou a aquelas persoas que máis grao e dependencia tiñan, os graos III, coma enfermidades dexenerativas e outras nas que a forma de vida depende en exclusiva da figura do coidador/a.

Ademais atopámonos inmersos nun momento moi complexo no contexto da pandemia motivada pola Covid-19, que agravaba a situación moito más se cabe. Persoas dependentes, das cales moitas continúan o confinamento nas súas casas, e outras moitas con graos II e III que xa o facían de xeito habitual debido as circunstancias, que non só precisan dun familiar como coidador senón que o



propio familiar que exerce como tal, limita a súa actividade laboral e posibilidades profesionais, o cal xa é complexo *per se*, e que neste contexto de crise socio-económica motivada pola pandemia agravará máis ainda a situación.

Unha das consecuencias da pandemia, ademais do evidente risco sanitario, é a crise económica e social asociada ás restricións tomadas para reverter o incremento da curva do virus. A libranza por coidados na contorna familiar percíbese os primeiros días de mes habitualmente, neste mes de febreiro a día 10 aínda están sen abonar, coa derivada preocupación que coidadores teñen nun momento complexo neste contexto.

As respostas a este retraso xeral nos pagos das libranzas en Galicia por parte da Administración foi que teñen todo o mes para efectuar o pago por lei. As queixas dos usuarios chegan dende Negreira, Sanxenxo, Teo, Santiago, Ames, Redondela, Vigo, Ares, Ferrol, Pontevedra, A Coruña, etc

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urgente que resolvant este tipo de retrasos nas libranzas, das cales dependen en gran medida a economía de moitas familias e máis nun contexto de crise como o actual. Hai que ter en conta que a gran parte de usuarios e usuarias deste tipo de prestacións teñen altos custes de tratamentos farmacolóxicos.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cantos expedientes están a ser afectados por este retraso nos pagos das libranzas de dependencia en cada provincia?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela  
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 10/02/2021 18:38:06**

**Julio Torrado Quintela na data 10/02/2021 18:38:17**



## Á Mesa do Parlamento

**Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Martín Seco García**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O peche dunha empresa grande sempre é unha situación dramática. A perda de emprego afecta a centos de familias de xeito directo e moitas de xeito indirecto (auxiliares, subcontratas, provedores, hostalería, ...), e produce efectos no conxunto da comarca onde se asenta, dado o carácter tractor que teñen estas empresas. Si a empresa é mediana ou pequena, os efectos son os mesmos, áinda que a menor escala.

A defensa do emprego e a supervivencia das empresas afectadas por situacíons de crise debe ser unha prioridade para o conxunto das institucións, especialmente no eido industrial.

O caso “Alcoa” na Mariña de Lugo, exemplifica como a defensa do emprego e a supervivencia das empresas pasa por manter unha posición firme e colaborativa dende o sector público.

Se o emprego está ligado a unha actividade industrial, os beneficios son múltiples: as condicóns laborais, en xeral, son mellores no mundo industrial, e os salarios tamén soLEN ser máis elevados. O valor engadido xerado pola industria aporta riqueza o conxunto da sociedade e incide, así mesmo, en ámbitos como a I+D.

Como consecuencia da covid-19, en termos económicos, estamos nunha situación moi complexa, dramática para algúns sectores de actividade, situación que, de non ser pola acción decidida do Estado e das institucións no seu conxunto, tería consecuencias dantescas en termos de destrucción de emprego e en termos de peche de empresas.

O longo do ano 2020, solo en Galicia, o estado ten aboados máis de 280 mil prestacións por ERTE e máis de 80 mil en concepto de axuda autónomos. Estas axudas permitiron que a caída acumulada en termos de emprego ate o mes de outubro fora do 1,6 % por debaixo da media do conxunto do estado, fixando



unha taxa de paro do 13,5 % para o ano 2020 e unha taxa do 13,4 % para o ano 2021, inferior en calquera caso a media do estado.

Segundo os estudos de FUNCAS, en termos de PIB, a economía galega contraerase no ano 2020 un 11,1 % , unha caída inferior media do estado, en parte pola fortaleza do sector industrial, especialmente ligado a restructuración das plantas de automoción implantadas na Comunidade (CITRÖEN). Prevese un crecemento do PIB para o ano 2021, dun 6 %.

O Índice de Producción Industrial, que experimentou o principio da pandemia unha forte caída (crise acelerada da automoción e confección), recuperou tamén de xeito acelerado ate chegar a niveis previos a crise.

No eido industrial galego algúns sectores se verán más afectados, pero en xeral a situación prevese complicada para os próximos anos.

Algunhas empresas do noso territorio están en serio risco, como Xeal, Ferroglobe, Alu Ibérica, Galicia Téxtil, Pili Carrera, Thenaisie Provoté, Maderas Iglesias, Gamesa-Siemens en As Somozas, Endesa nas Pontes, etc..., lamentablemente este listado de empresas se verá incrementado nos próximos meses.

En consecuencia, é necesario activar políticas no ámbito industrial para protexer as empresas, especialmente as empresas con viabilidade . Non todas as empresas teñen a mesma problemática, porque non hai unha solución única para todas elas.

Non obstante, é preciso establecer unha guía de intervención institucional, un protocolo a seguir en cada caso, para que o goberno galego participe no problema específico de cada empresa e colabore na súa resolución.

Os peches das empresas e despidos masivos, por moi privadas que sexan, son asuntos públicos porque afectan a moitas persoas e, en consecuencia, un goberno responsable debe implicarse de modo sistemático na defensa do emprego e das empresas.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan formulañan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son as medidas de política industrial que vai favorecer a Xunta de Galicia para evitar o desmantelamento industrial de moitas comarcas do país, especialmente no interior de Galicia?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Martín Seco García  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 11/02/2021 12:25:10**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/02/2021 12:25:19**

**Martín Seco García na data 11/02/2021 12:25:31**



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 5 de xaneiro de 2021 reuníuse o pleno extraordinario do Consello Galego de Pesca no que se analizou o acordo acordado entre a Unión Europea e o Reino Unido sobre o brexit e no que expuxo a folla de ruta deseñada por Galicia para a defensa dos seus intereses ante todas as instancias, unha planificación que foi apoiada por unanimidade polos integrantes do pleno.

Este Consello Galego de Pesca extraordinario súmase ás reunións mantidas os pasados días 26 e 27 de decembro, inmediatamente despois de coñecerse o acordo entre a Unión Europea e o Reino Unido, cos representantes en Galicia da Alianza Pesqueira Europea (EUFA) e das distintas asociacións de armadores de buques de Gran Sol co obxectivo de facer unha análise preliminar do impacto do brexit sobre o sector pesqueiro.

A folla de ruta deseñada por Galicia para actuar ante o brexit dá resposta a un acordo que a comunidade considera moi negativo tanto a curto como a medio e longo prazo para o sector e polo que o Consello Galego de Pesca consensuou unha actuación coordinada e clara para fazer fronte á incerteza xerada para a actividade da frota nos vindeiros anos e a perda de posibilidades de captura.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a estratexia deseñada por Galicia para actuar ante o brexit e que foi apoiada polo Consello Galego de Pesca?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 11/02/2021 15:16:17**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/02/2021 15:16:31**

**Ana Belén García Vidal na data 11/02/2021 15:16:44**

**Manuel Santos Costa na data 11/02/2021 15:16:55**

**José Alberto Pazos Couñago na data 11/02/2021 15:17:03**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 11/02/2021 15:17:15**

**Daniel Vega Pérez na data 11/02/2021 15:17:31**



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Consideramos necesario que os sectores da pesca, a transformación e a comercialización reciban apoio financeiro da Unión Europea para afrontar o impacto do brexit no caso de que non se chegue a un acordo.

A cantidade de fondos do “Brexit Adjustment Reserve” (“Reserva de Adaptación ao Brexit”), dotado con 5.000 millóns de euros, que recibirá a cadea mar-industria ante a inminente retirada do Reino Unido da UE, ten como fin contrarrestar as consecuencias imprevistas e adversas do brexit nas rexións e sectores más afectados.

No caso de que non se chegue a un acordo despois deste período de cinco anos e medio, os buques da Unión correrían o risco de perder o acceso ás augas do Reino Unido e as posibilidades de pesca nelas a partir do fin do período de transición. Esta circunstancia tería un impacto significativo para a frota europea, e afectaría negativamente o sustento económico de moitas comunidades pesqueiras da Unión.

Apoiamos firmemente que o sector pesqueiro conte con apoio financeiro da Unión para fazer fronte ás probables consecuencias do acordo do brexit en materia pesqueira, e ainda que seguimos considerando necesario un acordo pesqueiro completo, equilibrado e a longo prazo, e que manteña o acceso recíproco a augas e recursos, tamén apostamos por conseguir un BAR que achegue axudas para paliar os impactos directos e indirectos que este acordo poda ocasionar.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:  
Qué opinión ten o Goberno galego sobre a proposta de criterios fixada pola Comisión Europea para o reparto do fondo destinado ao ámbito pesqueiro dentro do Brexit Adjustment Reserve (BAR)?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreos, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 11/02/2021 15:34:41**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/02/2021 15:34:52**

**Ana Belén García Vidal na data 11/02/2021 15:35:07**

**Manuel Santos Costa na data 11/02/2021 15:35:16**

**José Alberto Pazos Couñago na data 11/02/2021 15:35:23**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



**María Elena Suárez Sarmiento na data 11/02/2021 15:35:36**

**Daniel Vega Pérez na data 11/02/2021 15:35:53**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Parlamento Europeo aprobaba a Resolución de 21 de xaneiro de 2021, sobre un aumento dos recursos pesqueiros no mar, concretamente sobre as medidas para promover a recuperación das poboacións de peixes por riba do rendemento máximo sostible (RMS), en particular zonas de recuperación de poboación de peixes e zonas mariñas protexidas.

Nesta resolución o Parlamento Europeo, despois dunha serie de consideración, propón un total de 42 medidas divididas en tres grupos:

- Medidas para a mellora da ordenación da pesca para rematar coa sobrepesca.
- Ampliar a rede de zonas protexidas e mellorar a súa ordenación.
- Abordaxe doutros factores medioambientais que ameazan a recuperación das poboacións de peixes.

Xa para rematar insta á Comisión a considerar as peticións formuladas nesta Resolución e a responder a elas no seu novo plan de acción para a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños, que ten previsto presentar en 2021 e, na súa revisión da PCC, así como en todas as próximas propostas lexislativas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Qué opinión ten o Goberno galego da Resolución do Parlamento Europeo, en relación sobre un aumento dos recursos pesqueiros no mar, concretamente sobre as medidas para promover a recuperación das poboacións de peixes por riba do rendemento máximo sostible (RMS), en particular zonas de recuperación de poboación de peixes e zonas mariñas protexidas?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 11/02/2021 15:38:47**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



**José Manuel Balseiro Orol na data 11/02/2021 15:39:01**

**Ana Belén García Vidal na data 11/02/2021 15:39:17**

**Manuel Santos Costa na data 11/02/2021 15:39:28**

**José Alberto Pazos Couñago na data 11/02/2021 15:39:40**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 11/02/2021 15:39:55**

**Daniel Vega Pérez na data 11/02/2021 15:40:14**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a diversificación de actividades en NAVANTIA RÍA DE FERROL.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión 6ª do Parlamento galego adoptou recentemente e por iniciativa do BNG varias proposicións non de lei relacionadas con NAVANTIA RÍA DE FERROL nas que se instaba a Xunta a demandar do goberno central a adxudicacións e comezo inmediato das obras de transformación do buque Galicia; e outra na que o Parlamento instaba á Xunta a reclamar a súa entrada no Consello de administración de NAVANTIA, e a demandar a constitución dunha mesa de traballo conxunta dedicada especificamente a promover a diversificación industrial do estaleiro, e nomeadamente a potenciar a Fábrica de Turbinas.

A crítica situación laboral pola que atravesa a comarca fai que sexa urxente executar por parte da Xunta os anteditos acordos.

Por todo isto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que resultados obtivo a Xunta das xestións para executar estes acordos?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 11/02/2021 16:48:45**

**María do Carme González Iglesias na data 11/02/2021 16:49:00**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 11/02/2021 16:49:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación na que se atopa a Atención Primaria en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A crise sanitaria causada polo COVID-19 levou á toma de decisións urxentes excepcionais que están a poñer en risco os valores esenciais das persoas. Isto tivo un especial impacto na relación clínica propia da Atención Primaria, modificando sobre todo un dos seus alicerces fundamentais, que é a accesibilidade. A pandemia resaltou a importancia deste ámbito asistencial sanitario e fai necesaria unha reflexión ética para preservar as súas características e valores fundamentais”.

Así inicia o Consello de Bioética de Galiza o seu informe “Crise sanitaria causada pola Covid19. Consideracións éticas sobre a Atención Primaria en Galicia” no que advirte do “serio impacto na relación profesional-paciente e, polo tanto, na prestación de atención que lle é propia á Atención Primaria” que tiveron as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza no marco da pandemia provocada pola Covid19.

Neste senso, o Consello de Bioética chama a atención ao conxunto da sociedade galega e, cremos desde o Grupo parlamentario do BNG, tamén á propia Xunta sobre as consecuencias que está a ter:

- A presión asistencial intensa e mantida no tempo.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- A limitación do acceso ás consultas presenciais
- A modificación das pautas da práctica clínica habitual a través de protocolos que fican obsoletos nun breve prazo de tempo.
- Ter que darlle preferencia a atención dos problemas relacionados co COVID-19.
- O incremento das labores burocráticas dos/as profesionais.
- A variabilidade dos procesos asistenciais nas diferentes áreas sanitarias
- O descontento percibido da poboación respecto á atención e en relación coa falla de información

Fai o Consello de Bioética no seu informe unha especial advertencia sobre a atención telefónica, especialmente cando “non se adapta aos requisitos da asistencia ou é desproporcionada” pois, di, “pode non cumplir os fins da Medicina e crear unha sensación de inseguridade nos/as profesionais e de falta de protección nos/as pacientes. Cómpre lembrar que a atención presencial é a "regra de ouro" da relación sanitaria que se desenvolve na Atención Primaria”.

Desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego vimos advertindo das consecuencias que están a ter medidas adoptadas pola Xunta de Galiza no actual contexto Covid19 que se suman ao deterioro padecido pola Atención Primaria despois de anos de recortes.

Especialmente gravoso para o conxunto da cidadanía galega son as demoras nas citas médicas e mesmo na detección de doenças graves, como cancro.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre a Xunta de Galiza que se está a garantir a máxima calidade asistencial na Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2021 16:53:39**

**Montserrat Prado Cores na data 11/02/2021 16:53:43**

**Iria Carreira Pazos na data 11/02/2021 16:53:51**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as condicións de traballo na residencias DOMUS VI de Laraxe, na Comarca de Ferrol.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A representación do persoal das residencias de DOMUS VI na comarca de Ferrol manifestou recentemente nos medios de comunicación a súa preocupación polo descontrol da situación sanitaria na residencia de Laraxe, na que hai 77 casos activos de COVID19, unha cifra moi superior aos 44 que se está a trasladar non só á prensa , senón tamén de xeito oficial ao Concello de Cabanas.

No seu comunicado denuncian que “os gromos aparecidos en centros coma Domus Vi Laraxe non se espallan con esa virulencia por casualidade nin mala sorte” As representantes vinculan ese descontrol da situación a eivas moi concretas:

1. Non se reforzan os cadros de persoal.
2. Obrígase ao persoal a facer tarefas para as que no están formadas.
3. Prolongan e modifigan xornadas de xeito abusivo provocando sobrecarga de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

#### 4. A falta de protocolos axeitados, e a escaseza de EPIS, polo desleixo das direccións dos centros.....

As propias representantes lanzaron un manifesto no que chaman á Xunta de Galiza a tomar medidas na defensa dos dereitos das persoas usuarias en primeiro lugar, e na defensa dos seus dereitos como traballadoras, dúas reivindicacións que van parellas necesariamente, xa que o respecto escrupuloso dos dereitos do persoal é a mellor garantía para a saúde e o benestar das persoas usuarias, asuntos ambos sobre os que a Xunta de competencias de inspección e control.

Por outra banda, estas denuncias públicas provocaron represalias inmediatas por parte da empresa, que segundo ás propias representantes, comezou unha campaña entre o persoal obligándoo a asinar documentos contra as representantes do sindicato CIG, absolutamente maioritario nos centros da comarca, incidindo sobre todo (como non) entre o persoal eventual, moito máis vulnerable e polo tanto sensible as presións patronais, contra unha representación

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que ten pensado facer a Xunta de Galiza para que a empresa DOMUS VI protexa os dereitos das persoas usuarias e traballadoras na residencia de Laraxe (Cabanas)?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 11/02/2021 17:23:58**

**Iria Carreira Pazos na data 11/02/2021 17:24:02**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2021 17:24:15**



## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Asistimos atónitos ao proceso de convocatoria dunha praza de directivo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural publicada o 23 de decembro do ano pasado, a praza en cuestión era a de subdirector/a do Agader para as Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, unha praza que lonxe de convocarse cos criterios utilizados en convocatorias anteriores, onde se esixía un amplio bagaxe a nivel formativo e profesional.

Neste caso, as bases para a convocatoria eran totalmente exigüas, simplonas e adaptables a calquera perfil, incluíndo dentro delas, cuestións tan curiosas como valorar con ata 4 puntos “titulacións diferentes ás esixidas na convocatoria”, cun máximo de 6 puntos a “asistencia a cursos cunha duración mínima de 20 horas”, sen esixir que estes sexan homologados nin vinculados ao sector do posto directivo a desempeñar e no que ten que ver coa experiencia, incluíase a posibilidade de recibir ata 15 puntos por aportar experiencia no ámbito da “docencia”. Resultaba curioso que tamén cambiaran o criterio doutra convocatorias para postos similares, eximindo a acreditación do coñecemento do idioma galego.

Resulta tamén chocante que pediran un informe á Dirección Xeral de Función Pública, para que esta praza puidese ser cuberta por unha persoa que non tivese a condición de empregado público, a pesares de que *a priori* non semella xustificado o carácter de excepcionalidade que sería preciso para que se puidese xustificar, algo que se resolveu cun informe favorable.

Visualizando o contido desta convocatoria e o proceder da Axencia, esperabamos que esta praza fose cuberta por alguén que xa tiña adxudicado o posto antes da convocatoria e seguindo as resolucións das fases do proceso puidemos observar que se confirmaba ese rumor, nunha praza asignada a dedo e que era outorgada ao que fora parlamentario do Partido Popular e voceiro no Concello do Barco de Valdeorras por este partido, Moisés Blanco Paradelo, que pasará a ocupar unha praza que debería ser para alguén con amplio coñecemento do sector e de acreditada solvencia e experiencia nel, áinda que sexa unha praza de confianza.



Resulta unha tomadura de pelo á cidadanía, converter Agader nun chiringuito para a colocación de amigos, xusto cando se está a proceder ao trámite de aprobación da Lei de recuperación de terras agrarias, de vital importancia para o noso rural e que só será de utilidade se vén acompañada de dotación orzamentaria, de medios e de persoal, no que será vital a función da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que despois deste viciado proceso terá en posto directivo un cidadán sen ningún tipo de experiencia na xestión de subvencións, gasto público ou tramitación administrativa e ningún coñecemento acreditado no desenvolvemento rural, só por ser un destacado militante do Partido Popular e sucesor do actual conselleiro do Medio Rural como presidente da Comisión 7<sup>a</sup> deste Parlamento na pasada lexislatura.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cal era o perfil que buscaba a Consellería do Medio Rural para a dita praza?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 11/02/2021 13:26:20**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/02/2021 13:26:51**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Xunta de Galicia licitou o pasado 4 de maio as obras de reforma e ampliación do Hospital Gran Montecelo por un importe de 114,6 millóns de euros.

Transcorrido dito prazo, constatouse que só se presentou ao concurso a UTE formada por Acciona-Veolia.

Dada a situación, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, naquel momento en funcións, acordou solicitar unha revisión do proxecto e unha nova licitación das obras do Hospital Público Gran Montecelo.

Trala última convocatoria, fai uns días coñeciamos que a execución da obra foi adxudicada á Ute formada por Copasa, Puentes e Ogmio por máis de 121,8 millóns de euros.

O prazo previsto para a execución desta obra comeza no mes de xuño deste ano, e é de 42 meses, polo que se todo vai ben, a ampliación do centro sanitario será unha realidade en 2025.

Hai uns días, coñeciamos pola prensa, que o estudo de arquitectos que redactou o proxecto de construcción do Gran Montecelo é o mesmo que fixo o hospital Isabel Zendal en Madrid.

Dende o Grupo Socialista, tendo en conta os antecedentes deste hospital madrileño, no que continuamente estamos a coñecer problemas e deficiencias, e tendo en conta que estas obras do Gran Montecelo costarán 121.874.578,26 euros, creemos que a Xunta de Galicia ten que vixiar que estas obras se leven a cabo coa maior das dilixencias.

Por iso, dende o Grupo Socialista esiximos ao Goberno da Xunta de Galicia, que poña os mecanismos de control necesarios para garantir que a calidade construtiva que figura no proxecto do Gran Montecelo, coincide co que despois se materialice, e sen esquecer que o elevado presupuesto co que conta o goberno para a realización deste complexo hospitalario, ten que reverter nun espazo que cumpla cunha funcionalidade eficiente para poder prestar un servicio sanitario



coa calidade que a cidadanía merece.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulañan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado o Goberno galego, levar a cabo algúñ labor de control e vixilancia externa da execución da obra do Gran Montecelo, para garantir que a calidade construtiva que figura no proxecto do Gran Montecelo?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 11/02/2021 17:15:15**

**Julio Torrado Quintela na data 11/02/2021 17:15:23**

**Marina Ortega Otero na data 11/02/2021 17:15:30**

## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O pasado 5 de novembro de 2020, aprobábase na comisión por unanimidade unha iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista na que se acordaba poñer en marcha un fondo de corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pagamento das axudas por danos, e de medidas preventivas, e establecer un plan de indemnización dos danos causados polo xabaril nos terreos agrícolas e de axudas para as medidas preventivas para evitar estes danos (rozas perimetrais).

Hai un mes, a Consellería de Medio Ambiente anunciaba un orzamento de 2,6 millóns de euros para cubrir tanto as indemnizacions dos danos causados pola fauna salvaxe como os investimentos para previr estes danos. Unha vez máis a cantidade resultará claramente insuficiente para as explotacions que ao longo do ano 2020, tiveron perdidas por valor de máis de 14 millóns de euros.

Na publicación desta orde de indemnizacions, prodúcese unha redución de case 400.000 euros con respecto á convocatoria do ano 2020, unha vez máis pasado o ano electoral, a contía cae, desta vez un 12 % de investimento sobre unha partida que dende o noso grupo xa consideramos insuficiente e que só é un pequeno parche a unha situación cada día máis descontrolada, con afectacions a todo tipo de producions como vides, prados, millo ou castaña no caso do xabaril e a gando bovino e ovino no caso do lobo. Cubrindo todo o territorio galego e cun necesario incremento no control das poboacións das especies en cuestión, antes de que sexa máis complicado controlalas

Neste sentido cómpre actuar xa no control da poboación do xabaril e do lobo e por suposto asegurar un pago de indemnizacions xustas polos danos que produce a fauna silvestre en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Por que reduce o Goberno galego as contías por danos causados pola fauna silvestre con respecto ao 2020?



Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 11/02/2021 16:39:36**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/02/2021 16:39:52**

**Pablo Arangüena Fernández na data 11/02/2021 16:40:03**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, estableceu como actividades esenciais non afectadas polo confinamento, entre outras, as realizadas por "establecementos comerciais de venda polo miúdo de produtos hixiénicos", xa que foron claves para o exercicio da desinfección para evitar o coronavirus nesta crise sanitaria.

Un ano despois, a orde publicada no Diario Oficial de Galicia o 26 de xaneiro deixa aos distribuidores de produtos de limpeza, hixiene e desinfección fóra da categoría de establecementos esenciais, de xeito que se vén obrigados a pechar ás seis da tarde.

Estes establecementos mostran a súa absoluta desconformidade có Goberno autonómico por deixar fóra da consideración de comercio esencial ás súas tendas. Sendo a primeira vez que quedan fóra desta categoría.

A Xunta de Galicia obriga a xente a usar os produtos que este sector comercializa e, sen embargo, trata os seus comercializadores como non esenciais. Medida que non ten ningunha lóxica.

A maiores, o sector sofre o agravio comparativo de ver como esos produtos seguen vendéndose despois do horario do seu peche en supermercados e grandes superficies.

A día de hoxe non se sabe cal foi o motivo que levou a Xunta de Galicia a tomar esta decisión. Decisión que produce un desgaste importante e unha merma de ingresos para os establecementos comerciais de venda polo miúdo de produtos hixiénicos, así como a imposibilidade de fornecer destes produtos á sociedade galega.

O Grupo Parlamentario Socialista solicitamos unha rectificación a este feito e que se inclúa o antes posible no DOG no apartado de comercio esencial aos establecementos comerciais de venda polo miúdo de produtos hixiénicos, de limpeza e desinfección.



Este colectivo leva desde o día 27 de xaneiro intentando dar solución a este problema. O 29 de xaneiro falan co director xeral de Comercio, nesta conversa o director xeral admite, non saber nada deste tema e queda en consultalo e dar unha resposta. O venres 5 de febreiro volven contactar co director xeral de Comercio e coméntalles que non é competencia da súa dirección xeral e que lle envíen un correo. A día de hoxe non teñen resposta.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulañan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai rectificar a Xunta de Galicia de forma inmediata no DOG e incluír no apartado de comercio esencial aos establecementos comerciais de venda polo miúdo de produtos hixiénicos?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Martín Seco García  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 11/02/2021 18:19:20**

**Martín Seco García na data 11/02/2021 18:19:25**



## A Mesa do Parlamento

**Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo e Marta Nóvoa Iglesias,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

### Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Ministerio de Transición Ecolólica e Reto Demográfico vén de decidir incluír ao lobo na Listaxe de Especies Silvestres en Régime de Protección Especial (LESRPE). Esta decisión é contraria aos intereses das comunidades do norte do río Douro (Castela e León, Asturias, Cantabria e Galicia), que son as que concentran máis do 90% do lobo de España e cuxas explotacións gandeiras sofren os ataques.

O lobo en Galicia cumple as tres condicións que marca a Directiva Hábitats cando fai referencia ao estado de conservación dunha especie e que sexa considerada favorable:

- 1.- Os datos sobre a dinámica das poboacións das especies en cuestión indiquen que a mesma segue e pode seguir constituíndo a longo prazo un elemento vital dos hábitats naturais aos que pertenzan.
- 2.- A área de distribución natural da especie non se estea reducindo nin ameace con reducirse nun futuro previsible.



- 3.- Exista e probablemente siga existindo un hábitat de extensión suficiente para manter as súas poboacións a longo prazo.

As poboacións de lobo en Galicia en termos xerais mantéñense e mesmo experimentaron un certo aumento nos últimos 15 anos, tal e como o indican os seguimentos realizados nalgúns zonas e tendo en conta os datos de danos ocasionados ao gando.

A área de distribución do lobo en Galicia de acordo co último censo realizado supón un 72,17% do territorio galego, concluíndo que a presenza do lobo en territorio galego é xeneralizada. Se a maiores temos en conta os datos de indicios, áreas de campeo e presenza de manadas reprodutoras esta porcentaxe supoñería un 94% do territorio galego.

A situación actual do rural e as actividades agrícolas ou dos usos tradicionais do monte está a ser un elemento favorecedor para a extensión do hábitat idóneo para esta especie.

Polo tanto, non hai por tanto argumentos para considerar a esta especie dunha atención e protección particular ao amparo da Listaxe de Especies Silvestres de Protección Especial (LESRPE).

O lobo forma parte do patrimonio natural e cultural de Galicia pero ao mesmo tempo xera unha conflitividade relevante co ser humano asociada aos danos que causa á cabana gandeira e que nos últimos anos tivo un incremento significativo.



Hai máis dunha década aprobouse o Plan de xestión do lobo en Galicia para garantir a viabilidade desta especie no noso territorio, mantendo unha poboación estable na nosa Comunidade Autónoma e ao mesmo tempo compatibilizar a súa existencia coa da gandería extensiva e coa viabilidade económica das explotacións agropecuarias adoptando medidas preventivas e establecendo liñas de axudas para paliar os danos causados por esta especie.

O incluír ao lobo na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial conllevaría poñer trabas á xestión desta especie tal como veu desenvolvendo durante estes últimos anos.

Tendo en conta a importancia desta cuestión, os deputados asinantes formulañan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales os pasos que vai dar a Xunta tras a decisión do Goberno central de incluír ao lobo na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESRPE)?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**María Sol Díaz Mouteira na data 09/02/2021 17:00:32**

**José Manuel Balseiro Orol na data 09/02/2021 17:00:44**

**Ramón Carballo Páez na data 09/02/2021 17:00:57**

**Diego Calvo Pouso na data 09/02/2021 17:01:13**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 09/02/2021 17:01:28**

**Carmen María Pomar Tojo na data 09/02/2021 17:01:37**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 09/02/2021 17:01:52**

## Á Mesa do Parlamento

**Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta urxente para o seu debate en Pleno**.

**Xustificación da urxencia.** A urxencia vén motivada pola necesidade que o Goberno galego explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema.

Asistimos atónitos ao proceso de convocatoria dunha praza de directivo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural publicada o 23 de decembro do ano pasado, a praza en cuestión era a de subdirector/a do Agader para as Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, unha praza que lonxe de convocarse cos criterios utilizados en convocatorias anteriores, onde se esixía un amplo bagaxe a nivel formativo e profesional.

Neste caso, as bases para a convocatoria eran totalmente exiguas, simplonas e adaptables a calquera perfil, incluíndo dentro delas, cuestións tan curiosas como valorar con ata 4 puntos “titulacións diferentes ás esixidas na convocatoria”, cun máximo de 6 puntos a “asistencia a cursos cunha duración mínima de 20 horas”, sen esixir que estes sexan homologados nin vinculados ao sector do posto directivo a desempeñar e no que ten que ver coa experiencia, incluíase a posibilidade de recibir ata 15 puntos por aportar experiencia no ámbito da “docencia”. Resultaba curioso que tamén cambiaran o criterio doutra convocatorias para postos similares, eximindo a acreditación do coñecemento do idioma galego.

Resulta tamén chocante que pediran un informe á Dirección Xeral de Función Pública, para que esta praza puidese ser cuberta por unha persoa que non tivese a condición de empregado público, a pesares de que *a priori* non semella xustificado o carácter de excepcionalidade que sería preciso para que se puidese xustificar, algo que se resolveu cun informe favorable.

Visualizando o contido desta convocatoria e o proceder da Axencia, esperabamos que esta praza fose cuberta por alguén que xa tiña adxudicado o



posto antes da convocatoria e seguindo as resolucións das fases do proceso puidemos observar que se confirmaba ese rumor, nunha praza asignada a dedo e que era outorgada ao que fora parlamentario do Partido Popular e voceiro no Concello do Barco de Valdeorras por este partido, Moisés Blanco Paradelo, que pasará a ocupar unha praza que debería ser para alguén con amplio coñecemento do sector e de acreditada solvencia e experiencia nel, ánda que sexa unha praza de confianza.

Resulta unha tomadura de pelo á cidadanía, converter Agader nun chiringuito para a colocación de amigos, xusto cando se está a proceder ao trámite de aprobación da Lei de recuperación de terras agrarias, de vital importancia para o noso rural e que só será de utilidade se vén acompañada de dotación orzamentaria, de medios e de persoal, no que será vital a función da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que despois deste viciado proceso terá en posto directivo un cidadán sen ningún tipo de experiencia na xestión de subvencións, gasto público ou tramitación administrativa e ningún coñecemento acreditado no desenvolvemento rural, só por ser un destacado militante do Partido Popular e sucesor do actual conselleiro do Medio Rural como presidente da Comisión 7ª deste Parlamento na pasada lexislatura.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cal era o perfil que buscaba a Consellería do Medio Rural para a dita praza?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: Martín Seco García  
Carmen Rodríguez Dacosta  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 15/02/2021 16:20:31**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/02/2021 16:20:45**



## Á Mesa do Parlamento

**Miguel Tellado Filgueira, Guadalupe Murillo Solís, Marta Novea Iglesias, Cristina Sanz Arias, Ovidio Rodeiro Tato, José Antonio Armada Pérez, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Verea Fraiz** deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Pleno**.

### Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de saber canto antes sen sede parlamentaria a posición nun tema tan importante neste momentos.

A hostalería é un dos sectores nos que maior impacto teñen as restriccións sanitarias implantadas para a contención da pandemia da COVID-19. Trátase dun sector que abrangue a preto de 20.700 establecementos en Galicia, a maior parte pequenas e medianas empresas que son fonte de subsistencia de moitas familias galegas.

Esta situación require dunha resposta institucional contundente e integral por parte das distintas administracións públicas (Goberno central, Xunta de Galicia, deputacións e concellos) que contribúa a apoiar a supervivencia dos establecementos.

Neste marco, a Xunta de Galicia leva meses mantendo un diálogo constante con representantes dos hostaleiros e hostaleiras. No seo desas xuntanzas acordáronse medidas como un Plan específico de axudas para o ocio nocturno, o I Plan de Rescate a persoas traballadoras autónomas, microempresas e establecementos hostaleiros dotado de 86,2 millóns de euros que xa está resolto e pagado en tempo récord e agora vai a ser complementado co II Plan de Rescate por importe de 75 millóns de euros ampliando os beneficiarios e reducindo os requisitos para acceder ás axudas.

Mais aló destas axudas os sectores afectados continúan a demandar que ao igual que fixeron outros países europeos do noso entorno, nomeadamente Alemaña, Francia, Italia ou Dinamarca se poña en marcha un ambicioso plan de axudas directas ao sector da hostalería por parte do Goberno do Estado.

É polo que, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno polo trámite de urxencia:



Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia sobre algunha iniciativa por parte do Goberno do Estado para achegar axudas directas e a fondo perdido aos sectores mais afectados polas restriccións derivadas da COVID, nomeadamente hostalaría, autónomos e pemes?

Santiago de Compostela, a 15 de Febreiro 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/02/2021 17:11:24**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 15/02/2021 17:11:54**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 15/02/2021 17:12:22**

**Cristina Sanz Arias na data 15/02/2021 17:12:53**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 15/02/2021 17:13:28**

**José Antonio Armada Pérez na data 15/02/2021 17:13:42**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 15/02/2021 17:14:15**

**Borja Verea Fraiz na data 15/02/2021 17:14:42**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**María do Carme González Iglesias**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa á situación de estaleiro Barreras de Vigo.

### Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola situación de emerxencia na que se atopa o estaleiro de Barreras despois da paralización da actividade e da falta de previsión da entrada de nova carga de traballo.

### Exposición de motivos

Desde os anos 70 nos que a construción naval civil no Estado Español representaba o 5% do mercado mundial, o peso e a importancia desta industria non deixou de minguar até a actualidade, cando representa menos do 1% do total de construcción naval civil da UE.

E contra o que se poida crer maioritariamente, os construtores que gañaron unha boa parte da cota de mercado española non foron os asiáticos, senón os de outros estados da UE, que si souberon promover unha industria con un marcado carácter exportador, que xera un elevado volume de emprego, e que demanda unha enorme diversidade de produtos e servizos de alto valor engadido.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Demanda que foi chave para que a industria complementaria da construcción naval e das tecnoloxías marítimas da UE cope hoxe o 50% do mercado mundial.

Non pasou o mesmo no Estado español que abandonou por completo unha industria que no caso galego foi fundamental para a nosa industrialización, e que hoxe coas políticas apropiadas pode servir de panca fundamental para a nosa re-industrialización, e activación económica, xa que segundo datos do sector cada euro de investimento ten un efecto multiplicador do 4,5 en valor engadido.

O caso do estaleiro Barreras na ría de Vigo é un exemplo dunha empresa con grandes capacidades, demostradas en fitos construtivos recentes nos segmentos máis avanzados tecnoxicamente, e que áinda estando na actual situación é referencia no mercado.

Mais a situación actual, con unha nova propiedade e dirección colocada na dupla posición de armador-construtor, e unha permanente revisión e corrección dos acordos de refinanciación, está a provocar unha enorme e continua tensión en toda a industria auxiliar, que segundo algúns dos afectados pode tornarse insuperable, provocando unha crise de niveis catastróficos na comarca.

De igual xeito, diferentes organismos públicos como o IGAPE ou o CESCE teñen comprometidas na viabilidade de Barreras importantes cantidades de diñeiro.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Ten pensado realizar algún tipo de actuación para garantir a viabilidade inmediata de Barreras, a supervivencia da súa industria auxiliar, e a continuidade da actividade da construcción naval do estaleiro?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **María do Carme González Iglesias**

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme González Iglesias na data 15/02/2021 17:44:39**



## Á Mesa do Parlamento

**Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. Presidente, que valoración fai da situación da AP-9 no relativo ás peaxes e o traspaso a Galicia?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**  
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 15/02/2021 18:19:37**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

### **PREGUNTA AO PRESIDENTE:**

*Considera que o seu goberno está defendendo axeitadamente os intereses das galegas e dos galegos nesta pandemia?*


Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG

### **Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2021 18:19:04**





De: Comisión Mixta para la Unión Europea <[cmue@congreso.es](mailto:cmue@congreso.es)>

Enviado el: lunes, 15 de febrero de 2021 17:02

Asunto: Remisión a efectos del artículo 6.1 de la Ley 8/1994 [COM(2021) 54]

**Asunto: Propuesta de REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO que modifica el Reglamento (CE) n.º 138/2004 del Parlamento Europeo y del Consejo por lo que se refiere a las cuentas económicas regionales de la agricultura (Texto pertinente a efectos del EEE) [COM(2021) 54 final] [COM(2021) 54 final anexos] [2021/0031 (COD)]**

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.


Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: [cmue@congreso.es](mailto:cmue@congreso.es)

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA



16 FEB. 2021

Núm. 11058



COMISIÓN  
EUROPEA

Bruselas, 12.2.2021  
COM(2021) 54 final

Propuesta de

**REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO**

**que modifica el Reglamento (CE) n.º 138/2004 del Parlamento Europeo y del Consejo  
por lo que se refiere a las cuentas económicas regionales de la agricultura**

(Texto pertinente a efectos del EEE)

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

### **1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA**

#### **• Razones y objetivos de la propuesta**

Eurostat compila estadísticas agrícolas europeas, relativas a la agricultura en la Unión, desde hace décadas. En la actualidad, abarcan los siguientes aspectos: la estructura de las explotaciones agrarias, las cuentas económicas de la agricultura, la producción animal y vegetal, la agricultura ecológica, los precios agrarios, los plaguicidas, los nutrientes y otros aspectos agroambientales. El principal objetivo es supervisar y evaluar la política agrícola común (PAC) y otras políticas importantes de la UE, así como apoyar la elaboración de políticas.

Estas recogidas de datos se evaluaron en 2016<sup>1</sup>, y entonces se constató que necesitaban una actualización para tener en cuenta los cambios en la agricultura, la PAC y otras políticas conexas de la Unión. La «Estrategia en materia de Estadísticas Agrícolas para 2020 y años posteriores»<sup>2</sup> es un importante programa de modernización de las estadísticas agrícolas de la Unión Europea que está gestionado por la Comisión Europea, en estrecha cooperación con los Estados miembros. La Estrategia cuenta con el apoyo del Comité del Sistema Estadístico Europeo y forma parte del programa de adecuación y eficacia de la reglamentación (REFIT), cuyo objetivo es racionalizar y mejorar el Sistema Europeo de Estadísticas Agrícolas (SEEA). La Estrategia también sigue recomendaciones internacionales, como las directrices del Grupo Intergubernamental de Expertos sobre el Cambio Climático acerca de la notificación de las emisiones de gases de efecto invernadero y las normas de la Organización de las Naciones Unidas para la Alimentación y la Agricultura, e implementa la Estrategia Global de las Naciones Unidas para el Mejoramiento de las Estadísticas Agropecuarias y Rurales.

La agricultura es un sector relativamente pequeño desde el punto de vista económico, pero abarca casi la mitad de la superficie de tierras de la Unión y suministra la mayor parte de sus alimentos, garantizando tanto la inocuidad de los alimentos como la seguridad alimentaria. La agricultura tiene una incidencia importante en el cambio climático y el medio ambiente, y muchas comunidades rurales dependen de ella. La UE necesita obtener la información más precisa posible sobre este ámbito para diseñar políticas que beneficien a todos los ciudadanos de Europa al asignar el presupuesto sustancial de la PAC y las medidas conexas de la manera más eficiente y eficaz en múltiples dimensiones. Además, la agricultura ocupa un lugar central en la Comunicación de la Comisión sobre el Pacto Verde Europeo<sup>3</sup>, en particular en su Estrategia «de la granja a la mesa».

El rendimiento del sector agrario en su conjunto puede evaluarse reuniendo, en el marco de una estructura contable, la información sobre las variaciones de volumen y de precio de los

<sup>1</sup> SWD(2017) 96: *Commission staff working document evaluation accompanying the document ‘Strategy for Agricultural Statistics 2020 and beyond’ and subsequent potential legislative scenarios* [«Documento de trabajo de los servicios de la Comisión. Evaluación que acompaña al documento “Estrategia en materia de Estadísticas Agrícolas para 2020 y años posteriores” y escenarios legislativos potenciales subsiguientes», documento disponible únicamente en inglés].

<sup>2</sup> <https://ec.europa.eu/eurostat/documents/749240/749310/Strategy+on+agricultural+statistics+Final+version+for+publication.pdf> (disponible solo en inglés).

<sup>3</sup> Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones, «El Pacto Verde Europeo» [COM(2019) 640 final de 11.12.2019].



bienes y servicios agrarios. A tal fin, las cuentas económicas de la agricultura (CEA) proporcionan un conjunto de datos comparables que ofrecen información importante a nivel macroeconómico a los usuarios clave, en particular a la Dirección General de Agricultura y Desarrollo Rural (DG AGRI) de la Comisión.

Como cuenta satélite del Sistema Europeo de Cuentas (SEC 2010), las CEA siguen muy de cerca la metodología de las cuentas nacionales. Sin embargo, su elaboración requiere la formulación de normas y métodos adecuados. Los Estados miembros llevan facilitando desde 2000 cuentas económicas nacionales y regionales de la agricultura a Eurostat, siguiendo la metodología actual. En 2004 entró en vigor el Reglamento (CE) n.º 138/2004 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 5 de diciembre de 2003, sobre las cuentas económicas de la agricultura de la Comunidad<sup>4</sup>, en el que se formalizó la parte correspondiente a las cuentas económicas a nivel nacional; desde entonces, se ha modificado seis veces. Sin embargo, las cuentas regionales no se han incluido en el Reglamento, aunque casi todos los Estados miembros han seguido transmisiéndolas con regularidad en virtud de un pacto entre caballeros. Esto no es lo ideal, ya que las estadísticas que contempla el pacto entre caballeros no forman parte formalmente de las CEA y no existen obligaciones vinculantes ni garantías de entrega. Por tanto, dado que las cuentas económicas regionales de la agricultura son estadísticas ya maduras y que tienen importancia, deben formalizarse mediante su inclusión en el Reglamento sobre las CEA. Esta es la única forma de garantizar su calidad. El Tribunal de Cuentas Europeo señaló esta cuestión en su Informe Especial n.º 01/2016<sup>5</sup>, en el que recomendaba la formalización de las cuentas económicas regionales de la agricultura. La Comisión aceptó esta conclusión.

En el mismo Informe Especial n.º 01/2016 también se identificó una falta de informes sobre la calidad de las CEA. Eurostat lleva a la práctica esta recomendación desde 2016 y los Estados miembros de la UE (con muy pocas excepciones) han presentado informes sobre la calidad de las CEA desde 2019, haciendo referencia a los requisitos del artículo 12, apartado 2, del Reglamento (CE) n.º 223/2009<sup>6</sup>. No obstante, en el artículo 12 se prevé específicamente que se incluyan requisitos sobre los informes de calidad en la legislación sectorial, lo que permite definir las modalidades, la estructura, la periodicidad y los indicadores de evaluación de los informes de calidad, además de los plazos para la transmisión de los datos. En la actualidad, las disposiciones exactas sobre los informes de calidad son solo informales y, por tanto, deben formalizarse en consonancia con los requisitos vigentes del Reglamento (CE) n.º 223/2009.

Por último, en el caso de las CEA los Estados miembros transmiten, por lo que se refiere a los datos nacionales, los datos de las primeras estimaciones (plazo: noviembre del año *n* de referencia), los datos de las segundas estimaciones (plazo: enero del año *n+1*) y los datos finales (plazo: septiembre del año *n+1*). Las segundas estimaciones de datos llegan con demasiada inmediatez respecto a las primeras como para mejorar su calidad de manera óptima, por lo que los plazos de transmisión de las segundas estimaciones deberían

<sup>4</sup> Reglamento (CE) n.º 138/2004 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 5 de diciembre de 2003, sobre las cuentas económicas de la agricultura de la Comunidad (DO L 33 de 5.2.2004, p. 1).

<sup>5</sup> Informe Especial n.º 1/2016: «¿Está bien concebido y basado en datos fiables el sistema de medición de resultados aplicado por la Comisión a la renta de los agricultores?».

<sup>6</sup> Reglamento (CE) n.º 223/2009 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 11 de marzo de 2009, relativo a la estadística europea y por el que se deroga el Reglamento (CE, Euratom) n.º 1101/2008 relativo a la transmisión a la Oficina Estadística de las Comunidades Europeas de las informaciones amparadas por el secreto estadístico, el Reglamento (CE) n.º 322/97 del Consejo sobre la estadística comunitaria y la Decisión 89/382/CEE, Euratom del Consejo por la que se crea un Comité del programa estadístico de las Comunidades Europeas (DO L 87 de 31.3.2009, p. 164).

flexibilizarse y ampliarse dos meses, desde el final de enero hasta el final de marzo del año siguiente al año de referencia.

- **Coherencia con las disposiciones existentes en la misma política sectorial**

Para que los responsables políticos, las empresas y el público en general puedan tomar decisiones adecuadas basadas en pruebas, las estadísticas deben ser fiables y de alta calidad.

La Estrategia en materia de estadísticas agrícolas para 2020 que se ha mencionado anteriormente incluye los siguientes objetivos clave:

- elaborar estadísticas de alta calidad que satisfagan las necesidades de los usuarios de forma eficiente y eficaz;
- mejorar la armonización y coherencia de las estadísticas agrícolas europeas.

Los tres ámbitos incluidos en la presente propuesta abordan directamente estos objetivos.

- **Coherencia con otras políticas de la Unión**

Proporcionar estadísticas de calidad para sustentar las políticas europeas es el principal objetivo del Programa Estadístico Europeo 2013-2017<sup>7</sup> (ampliado hasta 2020<sup>8</sup>). Las estadísticas medioambientales y agrícolas son uno de los tres pilares de la elaboración de estadísticas en el marco de dicho programa. Entre los objetivos pertinentes del programa se encuentra «revisar y simplificar la recogida de datos agrícolas en consonancia con la revisión de la PAC posterior a 2013 y rediseñar los procesos de recogida de datos agrícolas, en particular con el objetivo de mejorar la calidad y la oportunidad de los datos». Con esta iniciativa se pretende alcanzar este objetivo.

Al proporcionar mejores datos para evaluar la sostenibilidad del sector agrario con respecto al medio ambiente, las personas, las regiones y la economía, el Sistema Europeo de Estadísticas Agrícolas también contribuirá a al menos dos de las seis prioridades<sup>9</sup> de la Comisión Von der Leyen, a saber:

- un Pacto Verde Europeo, con las Estrategias «de la granja a la mesa» y de biodiversidad, que lo sustentan; y
- una economía al servicio de las personas.

No obstante, las estadísticas agrícolas también son útiles para otras prioridades de la Unión o de los Estados miembros que afectan a la agricultura y el desarrollo rural o se ven afectadas por ellos.

Además, la propuesta de un programa sobre el mercado único<sup>10</sup> que actualmente se encuentra en fase de debate interinstitucional ofrece un marco para financiar el desarrollo, la elaboración

<sup>7</sup> El programa actual se estableció mediante el Reglamento (UE) n.º 99/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 15 de enero de 2013, relativo al Programa Estadístico Europeo para el período 2013-2017. Fue prorrogado hasta 2020 mediante el Reglamento (UE) 2017/1951 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 25 de octubre de 2017.

